

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

19301 *Circular 4/2011, do 30 de novembro, do Banco de España, pola que se modifica a Circular 3/2008, do 22 de maio, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.*

A Circular 3/2008, do 22 de maio, ás entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos (no sucesivo, CBE 3/2008), constitúe o punto final, no ámbito das entidades de crédito, da lexislación sobre recursos propios mínimos e supervisión en base consolidada das entidades financeiras ditada a partir da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficiente de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro, e que comprende tamén o Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras. Con ela culmina o proceso de adaptación da lexislación española de entidades de crédito ás directivas comunitarias 2006/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio (refundición), e 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño, sobre adecuación do capital das empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito (refundición).

A Directiva 2009/111/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro, modificou as ditas directivas no que respecta aos bancos afiliados a un organismo central, a determinados elementos dos fondos propios, aos grandes riscos, ao réxime de supervisión e á xestión de crise, e, ademais, introduciu outras modificacións en diversas normas técnicas contidas nos anexos da Directiva 2006/48/CE. Do mesmo modo, a Directiva 2010/76/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, volveu modificar ambas as directivas no que respecta aos requisitos de capital para a carteira de negociación e as retitulizacións, e á supervisión das políticas de remuneracións.

Mediante a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, e, fundamentalmente, a Lei 6/2011, do 11 de abril, pola que se modifica a Lei 13/1985, levouse a cabo a primeira fase de incorporación ao noso ordenamento desas dúas directivas. O Real decreto 771/2011, do 3 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 216/2008, desenvolveu aquela norma legal, avanzando substancialmente no proceso de transposición das dúas directivas comunitarias mencionadas, especialmente en materia de política de remuneracións.

Non obstante, atendendo basicamente á complexidade e ao detalle en que entran as ditas directivas, especialmente en materia de solvencia, as leis e o real decreto citados habilitaron o Banco de España para a transposición de moitos dos aspectos técnicos das ditas directivas. De feito, en moitos casos a lei e o real decreto só arbitran principios básicos e déixanlle ao Banco o desenvolvemento completo das especificacións técnicas establecidas no articulado e, sobre todo, nos diferentes anexos das referidas directivas.

Así, o obxecto esencial desta circular é completar a transposición ao noso dereito positivo das dúas directivas citadas (coñecidas no argot financeiro como CRD2 e CRD3).

Ademais, esta circular pretende avanzar na adaptación da nosa regulación prudencial aos novos criterios establecidos polo Comité de Supervisión Bancaria de Basilea, no que se veu chamando Basilea III, é dicir, no novo marco prudencial sobre solvencia e liquidez aberto a finais de 2009 cos dous documentos publicados polo Comité; este obxectivo pretende cumprirse, co fin esencial de asegurar a computabilidade futura dos instrumentos de capital que se emitan a partir de 2012, dentro das competencias de que dispón o Banco de España e sen afectar a dispoñibilidade potencial do crédito nin perturbar a capacidade de captación de recursos das nosas entidades. Tamén se aproveita a presente circular para dar cumprimento ás recomendacións que, sobre transparencia das

políticas de remuneracións, publicou en xullo deste ano o Comité de Basilea, e exercer algunha das competencias atribuídas ao Banco nese ámbito.

Finalmente, a circular inclúe algunha norma que pretende ter en conta, para efectos da supervisión dos grupos consolidables en que se integren caixas de aforro, a situación particular daquelas que non exercen directamente a actividade financeira.

Así, de acordo co real decreto citado e o novo marco de Basilea III, cabería destacar as modificacións relativas ás características financeiras que deben dispor diversos instrumentos de capital regulatorio, moi en especial os que poden integrar os recursos propios básicos, para reforzar a súa capacidade de absorber perdas en situacións de estrés e a súa estabilidade.

Entre esas modificacións destacan as que impiden, no futuro, a existencia de incentivos á amortización anticipada, que presionan sobre a dispoñibilidade dos recursos cando son máis necesarios, e as que pretenden evitar (non na débeda subordinada) o pagamento da retribución cando isto sexa aconsellable para reforzar a capitalización da entidade.

Tamén merecen unha mención especial os mecanismos que aseguran que os híbridos computables como recursos propios básicos son útiles para absorber perdas ordinarias. Neste ámbito aproveitáronse as habilitacións do RD 216/2008 para endurecer a ratio sobre activos ponderados por risco que o real decreto usaba como desencadeante dos ditos mecanismos, e así asegurar unha máis temperá absorción de perdas.

No entanto, e na medida en que non hai unha exixencia legal ao respecto, a norma non require as entidades de crédito para que, entre as condicións de emisión, figure a que o Comité de Basilea vinculou ao momento en que se traspase o punto de non viabilidade dunha entidade, e que prevé a conversión en accións ou a amortización dos híbridos e as débedas subordinadas cando o supervisor (o Banco de España, se a emisión se realiza no marco dunha entidade española ou dun grupo encabezado por unha delas) o considere necesario. Malia isto, a incorporación dunha cláusula de conversión en accións ordinarias (ou a total amortización permanente dos valores emitidos) que asegure o cumprimento dese requisito sería moi recomendable na medida en que con iso se asegurará que os híbridos e financiamentos subordinados que a incorporen se poderán computar plenamente tamén a partir de 2013.

Por outro lado, a Circular establece como normas as guías que sobre a xestión do risco de liquidez se incluían na Circular 9/2010, que constituíu a última modificación (neste caso en aspectos moi técnicos) da CBE 3/2008. Ademais, estas normas complétanse agora con diversas mencións concretas para ter en conta que no futuro existirá un estándar de liquidez a curto, e cun conxunto de informacións periódicas que as entidades deberán remitir mensualmente sobre a súa situación de liquidez (previsións de saídas e entradas de caixa, activos líquidos e liñas de crédito dispoñibles, etc). Con isto avalíase con maior rigor o risco de liquidez a que están expostas as entidades. Aínda que a Circular non prevé que esas normas se exixan necesariamente ás sucursais de entidades de crédito comunitarias, non se debe esquecer que, de conformidade co disposto no artigo 41 da Directiva 2006/48/CEE, a supervisión da liquidez desas sucursais é competencia do Banco de España en colaboración coa autoridade do país de orixe (competencia tamén recollida no número 2 do artigo 43 bis da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito) e que isto faculta o Banco, nese marco de colaboración, e tendo en conta as características do negocio de cada sucursal (que en moitos casos pode determinar que non capte fondos en España), para exixir as medidas e a información apropiadas para atender os riscos de liquidez que presente cada sucursal.

O terceiro aspecto a que a nova regulación presta especial atención é o dos riscos de certo tipo de activos: os que son froito de titulizacións e retitulizacións, e os integrados na carteira de negociación. As novas normas completan o proceso de endurecemento dos requisitos prudenciais aplicables nestes ámbitos, tanto respecto aos requirimentos de capital coma no marco das obrigas de dilixencia debida en investidores e emisores, entre

as cales destaca a exigencia de que estes últimos, cando titulizan, reteñan unha parte dos riscos que achegan ao mercado, exigencia que contribúe a precisar a Circular.

Os límites aos grandes riscos e a información que deben publicar as entidades de crédito en materia de remuneracións constitúen tamén outros elementos relevantes da reforma da Circular.

Un último aspecto de interese fai referencia á transparencia de que, a partir de agora, gozará a política de remuneracións que as entidades apliquen aos seus directivos e aos empregados cuxas decisións poidan afectar o perfil de riscos da entidade. Xunto á información agregada que se debe publicar, a Circular especifica os casos en que as entidades deben contar cun comité de remuneracións e concreta algunha das obrigas das entidades respecto do dito colectivo cando presenten resultados mediocres ou negativos. Tamén se indica a información que debe recibir o Banco de España para supervisar o cumprimento dos principios, maioritariamente fixados no Real decreto 216/2008, en que se debe basear a política de remuneracións fronte a ese colectivo. Dentro deste ámbito, polo demais, a presente circular inclúe, así mesmo, os criterios que debe aplicar o Banco de España respecto ás limitacións á remuneración variable naquelas entidades que recibisen apoio financeiro público, establecidas no artigo 76 septies do Real decreto 216/2008, sen prexuízo das eventuais limitacións excepcionais á remuneración total que puiden establecer o Banco de España no exercicio das súas competencias exclusivamente con relación á solvencia das entidades de crédito, co fin de que estas se axusten nas súas políticas de incentivos a unha adecuada xestión do risco.

Finalmente, é importante destacar que, para dotar de maior rigor e harmonización a aplicación das directivas, o Banco de España se vai adherir formalmente, de maneira practicamente simultánea á aprobación desta circular, a diversas guías emanadas desde a Autoridade Bancaria Europea e que inciden sobre as materias que agora se regulan.

En uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e oído o Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes disposicións:

NORMA ÚNICA

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, ás entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos:

1. A alínea d) do número 5 da norma primeira queda redactada do seguinte modo:

«d) Salvo cando os depósitos sexan escasamente significativos a xuízo do Banco de España, que en caso de concurso, liquidación, reestruturación ou figuras equivalentes da entidade de crédito exista igualdade de tratamento dos depositantes da sucursal co do resto dos da entidade, en particular cos do seu país de orixe.»

2. A norma segunda modifícase de acordo co seguinte texto:

- a) No número 2 engádesse unha nova alínea e) co seguinte texto:

«e) Que a través dun acordo contractual dúas ou máis entidades de crédito integren un sistema institucional de protección de acordo coa alínea d) do número 3 do artigo 8 da Lei 13/1985.

Nestes casos, a entidade central do sistema institucional de protección terá a consideración de entidade matriz para os efectos de todo o previsto nesta circular. Ademais, cando as entidades integrantes do sistema institucional de protección cedan á entidade central a totalidade do seu negocio financeiro de conformidade co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, ou poñan en común o 100% dos seus resultados, daranse por cumpridos os requisitos establecidos nos

números 2 e 5 da norma quinta de cara a permitir as exencións alí recollidas para as entidades integrantes do sistema que cedesen o seu negocio ou puxesen en común os seus resultados.»

b) O primeiro parágrafo do número 5 queda redactado do seguinte modo:

«Nos supostos a), b), c) e e) do número 2 desta norma, no grupo consolidable integraranse todas as entidades financeiras consolidables pola súa actividade, calquera que sexa a súa nacionalidade, domicilio, natureza xurídica ou país onde desenvolvan as súas actividades.»

3. Dáselle a seguinte redacción ao segundo parágrafo da norma terceira:

«A entidade obrigada dun grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, ou dun grupo mixto, será a entidade de crédito dominante. Cando non exista, o grupo proporalle ao Banco de España unha entidade de crédito das que o formen como entidade obrigada. A entidade de crédito dominante dos restantes grupos tamén poderá propor como obrigada outra entidade de crédito do grupo. En ambos os casos motivarán a súa petición. Se o Banco de España non se opón no prazo dun mes, a dita entidade entenderase designada. Non obstante, o Banco de España poderá designar outra cando a proposta non asegure o cumprimento das funcións propias da entidade obrigada, ou designar directamente a obrigada en ausencia de proposta.»

4. Dáselles a seguinte redacción ás alíneas b) e c) do número 1 da norma cuarta:

«b) A exixencia por risco de contraparte, segundo o establecido no capítulo quinto desta circular, e por risco de posición correspondente á carteira de negociación, conforme o establecido no capítulo sétimo desta circular.

c) A exixencia, respecto de todas as súas actividades, por risco de cambio e da posición en ouro, en función da posición global neta en divisas e da posición neta en ouro, establecida no capítulo sexto desta circular, e por risco de liquidación, conforme o establecido na norma nonaxésimo primeira desta circular.»

5. A norma quinta modifícase de acordo co seguinte texto:

a) Elimínase o punto i) da alínea d) do número 2 e o punto ii) incorpórase, sen numeración, ao primeiro parágrafo da citada alínea d).

b) Modifícase a redacción do número 5:

«5. Todo banco, caixa de aforros ou cooperativa de crédito que sexa entidade dominante dun grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito deberá cumprir coas obrigas a que se refire o número 1 da norma cuarta, cos límites á concentración de riscos indicados no número 2 da mesma norma e coas obrigas de goberno corporativo interno mencionadas no número 3 da mesma norma, na forma que se indica a continuación.

a) Integraranse xunto á matriz, logo de comunicación ao Banco de España, as filiais instrumentais cuxas exposicións ou pasivos relevantes, incluído o capital, o sexan respecto a aquela e as sociedades do grupo cuxa actividade principal sexa a tenza de accións ou participacións (salvo que se trate de filiais doutras entidades de crédito do grupo), nas cales, ademais:

– A matriz dominante posúa, directa ou indirectamente, máis do 50% dos dereitos de voto da filial, ou teña o dereito a nomear ou separar a maioría dos membros do seu consello de administración.

– Non exista, nin se prevexa que poida existir, impedimento práctico ou xurídico relevante para a inmediata transferencia de fondos propios ou o reembolso de pasivos cando os deba a filial á súa empresa matriz; para acreditar o cumprimento

deste requisito, no que se refire a eventuais impedimentos legais, a entidade deberá achegar un ditame xurídico suficiente e, respecto aos impedimentos prácticos, deberá achegar declaración expresa do seu órgano de administración, considerando pouco previsible a súa existencia actual ou futura.

– Os procedementos de avaliación, medición e control de riscos da empresa matriz inclúan a filial.

b) O cálculo dos requirimentos por risco de crédito e contraparte exixibles:

– Non terá en conta as deducións dos recursos propios mencionadas no número 4 da norma novena, sen prexuízo da ponderación dos activos non deducidos consonte as normas do capítulo cuarto, nin as exposicións sobre instrumentos computables como recursos propios a que se refire o número 4 da norma décimo quinta.

– Os instrumentos computables como recursos propios que manteñan, directa ou indirectamente, fronte a calquera empresa do grupo ponderaranse ao 370%.

c) No cálculo dos límites aos grandes riscos non se terán en conta as exposicións fronte a outras entidades do grupo consolidable.

d) No que se refire ás obrigas de medición do risco de tipo de xuro, aplicarase o que indica a norma centésimo sexta.

Iguais regras se aplicarán, xunto ás indicadas no número 4 anterior, a calquera banco filial ao cal non sexa exixible o disposto no número 3 precedente, pero que teña outras filiais consolidables pola súa actividade.»

c) Créase un novo número 7:

«7. As caixas de aforro que, no marco previsto na disposición adicional terceira do Real decreto lei 2/2011, cedesen o exercicio directo da súa actividade financeira, e sexan excluídas do grupo consolidable ao cal pertencen de acordo co previsto no artigo 8.5 da Lei 13/1985, deberán seguir cumprindo os requirimentos de solvencia individualmente, e para tal fin aplicarán o previsto no número 4 precedente. En todo caso, as caixas estarán eximidas do cumprimento das obrigas de remisión de estados establecidas na norma centésimo vixésimo primeira, sen prexuízo das informacións que lles poida solicitar o Banco de España no marco das súas actuacións supervisoras.

No caso de as caixas de aforro a que se refire este número contaren ou chegaren a contar con pasivos financeiros fronte a terceiros, sexa en forma de préstamo ou de calquera clase de valores ou instrumentos representativos de débeda, distintos dos derivados da súa obra social ou outros que teñan un carácter meramente transitorio, para o cumprimento individual indicado no parágrafo anterior deixará de aplicarse o previsto no citado número 4 e operarán adicionalmente todas as deducións establecidas na norma novena para as entidades non pertencentes a un grupo consolidable de entidades de crédito.»

6. A norma oitava modifícase de acordo co seguinte texto:

a) A alínea a) do número 1 modifícase de acordo co seguinte texto:

«a) O capital social das sociedades anónimas, incluídas as primas de emisión desembolsadas, na medida en que teña menor prelación que todos os demais créditos en caso de concurso ou liquidación, e excluída a parte daquela prevista na alínea h) seguinte; os fondos fundacionais e as cotas participativas das caixas de aforro, así como o fondo social da Confederación Española de Caixas de Aforro e as cotas participativas de asociación emitidas por esta; as achegas ao capital social

das cooperativas de crédito, e o fondo de dotación das sucursais de entidades de crédito estranxeiras.

A entidade non poderá crear no momento da emisión ningunha expectativa de que o instrumento de capital social a que alude o parágrafo anterior será obxecto de recompra, rescate ou amortización.

Considerarase menoscabada a contribución do instrumento de capital á absorción de perdas do emisor cando lles atribúa aos seus tedores algún tipo de privilexio na repartición de ganancias sociais ou na liquidación e, en especial, cando a súa retribución incumpra algunha das seguintes condicións:

- i) farase con cargo aos resultados netos positivos do exercicio ou de reservas de libre disposición suficientes para satisfacela;
- ii) non poderá superar o importe distribuible formado polos resultados netos positivos do exercicio e as reservas de libre disposición;
- iii) non estará de ningún xeito vinculado ou ligado ao importe desembolsado no momento da emisión;
- iv) non estará suxeito a un límite estipulado, salvo nos casos legalmente previstos para as cooperativas de crédito.

Nin o emisor nin calquera empresa do seu grupo económico poderán asegurar nin garantir o importe desembolsado ou a retribución, que tampouco poderán ser obxecto de garantías, compromisos ou acordo de ningún tipo que mellore xurídica ou economicamente a prelación do potencial dereito de cobramento.

No caso das cooperativas de crédito, o capital estará integrado polas achegas dos socios e asociados, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

– A súa retribución estará condicionada á existencia de resultados netos positivos ou, contando coa autorización previa do Banco de España, de reservas de libre disposición suficientes para satisfacela.

– A súa duración será indefinida, de forma que non poidan, en ningún caso, contabilizarse como pasivos financeiros.

– O seu eventual reembolso quedará suxeito, cando menos, ás condicións que deriven do número 4 do artigo sétimo da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.

– A achega non terá privilexio ningún na súa prelación en caso de concurso ou liquidación, en relación co resto das achegas.»

b) A alínea f) do número 1 modifícase de acordo co seguinte texto:

«f) O saldo contable da cobertura xenérica determinada de acordo coa CBE 4/2004 correspondente ao risco de insolvencia dos clientes, é dicir, ligada ás perdas inherentes ou non asignadas especificamente por deterioración do risco de crédito de clientes, cando estes correspondan a carteiras ás cales se aplique o método estándar establecido na sección primeira do capítulo cuarto, na parte que non exceda o 1,25% dos riscos ponderados que servisen de base para o cálculo da cobertura. Para estes efectos:

– Os activos titulizados que, en virtude do establecido na norma quincuaxésimo sétima, fosen excluídos do cálculo das exposicións ponderadas por risco segundo o método estándar establecido na sección primeira do capítulo cuarto recibirán a ponderación que lles tería correspondido de non teren sido excluídos do dito cálculo.

– Os riscos deducidos dos recursos propios recibirán a ponderación que lles tería correspondido de non teren sido suxeitos a dedución.

O saldo contable da cobertura mencionada que exceda o 1,25% antes citado deducirase, segundo corresponda, para os efectos de calcular o valor das

exposicións suxeitas a ponderación ou límites, dos riscos que servisen de base para o cálculo da cobertura, en proporción á súa contribución a ela, ou das posicións de titulización mantidas. A "entidade" poderá optar igualmente por aplicar este mesmo mecanismo de dedución ao saldo da cobertura que non exceda o 1,25%, comunicándoo ao Banco de España, mentres se mantexa, xunto ás declaracións correspondentes.»

c) A alínea i) do número 1 modifícase de acordo co seguinte texto:

«i) As participacións preferentes mencionadas no artigo 7.1 da Lei 13/1985 e emitidas conforme o previsto na disposición adicional segunda da propia lei, con independencia da súa contabilización ou non como pasivo financeiro, e os instrumentos de débeda obrigatoriamente convertibles, incluídos os emitidos de acordo co previsto na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, sobre reforzamento do sistema financeiro, sempre que cumpran os requisitos exixidos na citada disposición adicional para a computabilidade das participacións preferentes.»

d) A alínea j) do número 1 queda redactada como segue:

«j) Os financiamentos subordinados recibidos pola entidade de crédito. Enténdese por financiamentos subordinados aqueles que, para efectos de prelación de créditos, se sitúen detrás de todos os acredores comúns. Nos contratos e folletos de emisión quedará patente a condición de financiamento subordinado para os acredores, polo que non poderá estar asegurado nin cuberto por garantías do emisor ou de calquera empresa do seu grupo económico, nin poderá ser obxecto de ningún acordo que mellore xurídica ou economicamente a súa prelación fronte aos ditos acredores comúns. Sen prexuízo dos dereitos que lle conceda a lexislación concursal, as cláusulas contractuais non poderán prever o vencemento anticipado da débeda por causa do propio impagamento do financiamento, ou doutras débedas do emisor ou de empresas do seu grupo. Os financiamentos subordinados poderán denominarse en calquera moeda.

Estes financiamentos poderán ser dos tres tipos seguintes:

I. Estándar:

– O seu prazo orixinal non será inferior a cinco anos, contados desde o seu efectivo desembolso; de non se ter fixado a data do seu vencemento, deberá estar estipulado para a súa retirada un aviso previo de, cando menos, cinco anos, aviso previo do cal será informado inmediatamente o Banco de España. Tanto nun coma noutro caso, desde o momento en que o seu prazo remanente sexa de cinco anos, e durante os ditos cinco anos, reducirán o seu cómputo como recursos propios a razón dun 20% anual, ata que o seu prazo remanente sexa inferior a un ano, momento en que deixarán de computarse como tales.

– Non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada á opción do tedor, sen prexuízo de que o debedor poida proceder ao reembolso anticipado unha vez transcorridos cinco anos desde o desembolso dos financiamentos se con isto non se ve afectada a solvencia da entidade, coa autorización previa do Banco de España. Só se poderá entender que non se ve afectada a solvencia da entidade cando i) a entidade substitúa o instrumento amortizado con elementos computables como recursos propios de igual calidade, ou con elementos computables como recursos propios básicos, e a dita substitución se efectúe en condicións que sexan compatibles coa capacidade de xeración de ingresos pola entidade, ou ii) esta demostre que os seus recursos propios computables superan amplamente os requirimentos mínimos tras a operación.

Ademais, a inclusión de cláusulas que permitan a amortización anticipada á opción do emisor non poderán incluír incentivos á dita amortización, como, por exemplo, o incremento do tipo de xuro para o caso de que non se exerza a opción. A entidade non poderá crear ningunha expectativa de que se exercitará a opción. Tampouco serán admisibles as cláusulas que incentiven indirectamente a dita amortización, como, por exemplo, as que prevexan que a remuneración se eleve cando diminúa a calidade crediticia do emisor ou doutras empresas do seu grupo.

II. De duración indeterminada:

– No terán data de vencemento. Non obstante, logo de autorización do Banco de España, o emisor poderá proceder ao reembolso anticipado unha vez transcorridos cinco anos desde o desembolso dos financiamentos, se con iso non se ve afectada a solvencia da entidade. Só se poderá entender que non se ve afectada a solvencia da entidade cando i) a entidade substitúa o instrumento amortizado con elementos computables como recursos propios de maior calidade, ou con elementos computables como recursos propios básicos, e a dita substitución se efectúe en condicións que sexan compatibles coa capacidade de xeración de ingresos pola entidade, ou ii) esta demostre que os seus recursos propios computables superan amplamente os requirimentos mínimos tras a operación.

Ademais, a inclusión de cláusulas que permitan a amortización anticipada á opción do emisor non poderán incluír incentivos á dita amortización, como, por exemplo, o incremento do tipo de xuro para o caso de que non se exerza a opción. A entidade non poderá crear ningunha expectativa de que se exercitará a opción. Tampouco serán admisibles as cláusulas que incentiven indirectamente a dita amortización, como, por exemplo, as que prevexan que a remuneración se eleve cando diminúa a calidade crediticia do emisor ou doutras empresas do seu grupo.

– Deberán recoller a posibilidade (ou a obriga, segundo decida o emisor) de diferir o pagamento de xuros no caso de perdas ao peche do exercicio inmediato anterior ao do pagamento, ou no caso de que a entidade presente, durante máis dun trimestre consecutivo, un déficit no cumprimento dos seus requirimentos de recursos propios superior ao 20%. Os xuros diferidos poderán (ou deberán, segundo decida o emisor) pagarse cando haxa beneficios suficientes, cando se elimine o déficit citado, cando se pague un dividendo, en caso de amortización anticipada da emisión, e cando se disolva o emisor.

– A débeda e os xuros pendentes de pagamento poderán aplicarse á absorción de perdas sen necesidade de proceder á disolución da entidade, mesmo cando sexa despois de se teren esgotado as reservas, e reducido a cero o capital ordinario, os fondos vinculados á emisión de cotas participativas, e as accións e participacións preferentes. A parte dos financiamentos utilizada para absorber perdas poderá ser recuperada polo acreedor cando o emisor obteña beneficios suficientes e cumpra, cando menos durante dous anos ininterrompidos, as súas obrigas de solvencia.

III. A curto prazo:

– O seu prazo orixinal non será inferior a dous anos, contado desde o seu efectivo desembolso, e non poderá conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, sen prexuízo de que o debedor poida proceder ao reembolso anticipado en calquera momento se con isto non se ve afectada a solvencia da entidade, contando coa autorización previa do Banco de España, que non poderá quedar condicionada ou suxeita a incentivos ou outras condicións contractuais especificadas de antemán.

– Nin o principal nin os xuros poderán ser pagados cando exista un déficit de recursos propios, por mínimo que este sexa. O proseguimento no pagamento de xuros ou o aboamento do principal serán comunicados ao Banco de España polo menos cun mes de antelación.»

e) O número 4 recibe a seguinte redacción:

«4. De cara á súa inclusión entre os recursos propios das entidades de crédito, as participacións preferentes e, ata a súa conversión e para os efectos da presente circular, os instrumentos de débeda obrigatoriamente convertibles, mesmo os emitidos de acordo co previsto na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, e no marco das condicións legais e regulamentarias aplicables, deberán prever, nas súas condicións de emisión, que:

a) O consello de administración, ou órgano equivalente, da entidade de crédito emisora ou matriz poderá cancelar, discrecionalmente, cando o considere necesario, o pagamento da remuneración durante un período ilimitado, sen efecto acumulativo. A decisión sobre o pagamento ou non da remuneración deberá ser enteiramente libre; así, cláusulas que restrinxan esta discreción, como as de apertura obrigatoria dunha opción de conversión en accións por iniciativa do tedor en caso de decisión de cancelación, son incompatibles con este requisito.

Non obstante, o dito pagamento deberase cancelar se a entidade de crédito emisora ou matriz, ou o seu grupo ou subgrupo consolidable, non cumpren cos requirimentos de recursos propios establecidos no número 1 da norma cuarta.

En todo caso, o pagamento desta remuneración estará condicionado á existencia de beneficios ou reservas distribuibles na entidade de crédito emisora ou dominante. Nos contratos e folletos de emisión deberá recollerse a obriga de autorización previa do ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Banco de España, de calquera pagamento con cargo a reservas.

Así mesmo, o Banco de España poderá exixir a cancelación do pagamento da remuneración baseándose na situación financeira e de solvencia da entidade de crédito emisora ou matriz, ou na do seu grupo ou subgrupo consolidable.

Sen prexuízo dos dereitos que lle conceda a lexislación concursal, as cláusulas contractuais precisarán que non constitúe un suposto de incumprimento a cancelación discrecional do pagamento da remuneración. A dita cancelación non imporá restricións á entidade para a realización doutros pagamentos, salvo en relación co pagamento de dividendos aos accionistas ordinarios.

Non obstante, o pagamento da remuneración poderá ser substituído, se así o establecen as condicións de emisión, pola entrega de accións ordinarias, cotas participativas ou achegas ao capital das cooperativas de crédito da entidade de crédito emisora ou matriz, sempre que isto lle permita preservar os seus recursos financeiros.

Esta entrega de instrumentos de capital só será admisible se:

i) Dá lugar ao mesmo resultado económico que a cancelación, isto é, se non implica redución do capital da entidade. Só se considerará que dá lugar ao mesmo resultado económico que a cancelación se o pagamento en especie se realiza con instrumentos de capital emitidos para o efecto e a obriga do emisor se limita á emisión dos ditos instrumentos, pero non existe compromiso ningún pola súa parte, ou por parte dalgunha das empresas do seu grupo económico, de encontrar compradores para eles ou de asumir calquera risco vinculado á venda ou ao valor dos instrumentos entregados.

ii) O emisor ten unha total discrecionalidade para non pagar a remuneración en efectivo e, ademais, pode cancelar a entrega dos instrumentos de capital cando sexa necesario, e moi especialmente cando se desencadeen algún dos mecanismos de absorción de perdas a que se refire a alínea c) seguinte. O Banco de España poderá exixir a cancelación da dita entrega cando a situación financeira e de solvencia da entidade de crédito emisora ou matriz, ou a do seu grupo ou subgrupo consolidable, ou a dos mercados financeiros así o aconselle.

b) No caso de emisións a través dunha filial garantidas pola súa entidade de crédito dominante, o depósito e a garantía deberán ter, para efectos de prelación

de créditos, o mesmo rango que, para o emisor, teña a emisión, e por iso deberán situarse detrás de todos os acredores, ordinarios ou subordinados, da entidade garante; en todo caso, os importes que deberá liquidar o garante aos tedores das participacións preferentes en caso de liquidación ou disolución do garante, ou de suxeición deste ao disposto no artigo 343 da Lei de sociedades de capital, non excederán en ningún caso dos que se terían pagado cos activos do garante se as participacións tivesen sido emitidas directamente por este.

c) Nos supostos en que a entidade emisora ou matriz, ou o seu grupo ou subgrupo consolidable, presenten perdas significativas ou unha caída relevante nas ratios indicadoras do cumprimento dos requirimentos de recursos propios, as condicións de emisión das participacións preferentes deberán establecer, con claridade suficiente, un mecanismo que asegure a participación dos seus tedores na absorción de perdas correntes ou futuras, e que non menoscabe eventuais procesos de recapitalización, xa sexa mediante a conversión das participacións en accións ordinarias, cotas participativas ou achegas ao capital das cooperativas de crédito, da entidade de crédito emisora ou matriz, xa sexa mediante a redución do seu valor nominal.

O mecanismo deberá producir efecto cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

i) Cando a entidade emisora ou matriz, ou o seu grupo ou subgrupo consolidable, presenten unha ratio de capital predominante inferior ao 5,125 %. Para estes efectos, entenderase por capital predominante o definido nas alíneas a) e b) do número 1 da norma décimo primeira, e teranse en conta, en forma coherente coas recomendacións do Comité de Supervisores Bancarios de Basilea, as restantes deducións recollidas na norma novena, así como outras posibles partidas (como, por exemplo, os activos fiscais diferidos cuxa materialización dependa da rendibilidade futura da entidade) que, ao xuízo da entidade, menoscaben a capacidade de absorción de perdas do dito capital en situacións de estrés.

ii) Cando, dispoñendo dunha ratio de recursos propios básicos, calculada sobre a mesma base que o coeficiente de solvencia, inferior ao 6%, a entidade emisora ou matriz, ou o seu grupo ou subgrupo consolidable, presenten perdas contables significativas. Entenderase que existen perdas significativas cando as acumuladas no conxunto dos últimos catro trimestres pechados reducen o capital e as reservas previas da entidade nun terzo.

No caso de que o mecanismo sexa a conversión en accións ordinarias, cotas participativas ou achegas ao capital das cooperativas de crédito, da entidade de crédito emisora ou matriz:

– Aquel deberá permitir a conversión inmediata (como moi tarde ao final do mes seguinte á data en que se active o mecanismo) de todas as participacións preferentes que inclúan este mecanismo ou, cando menos, no caso previsto no inciso i), das necesarias para que a ratio de capital nel prevista retorne ao 5,125%, e contar cunha relación de troco que estableza un chan ao número e nominal de accións que se deben entregar.

– A información que se deberá difundir e entregar ao investidor será, cando menos, a exixible no caso de emisións de obrigas convertibles.

Cando o mecanismo estea constituído por unha redución no valor nominal das participacións preferentes:

– As perdas trimestrais que sufra o emisor ou o seu grupo a partir do momento en que o mecanismo produza efecto repartiranse entre o conxunto do capital e reservas do emisor, dunha parte, e o conxunto das participacións preferentes en circulación emitidas polo dito emisor, doutra, de forma que o valor nominal destas últimas asuma, cando menos, unha redución permanente e non recuperable do

50% do que afecte, proporcionalmente ao seu peso, o conxunto do capital e as reservas. O dito valor nominal reducido será o que se tomará en conta para o eventual pagamento futuro das remuneracións e para a amortización do financiamento, ben sexa froito do exercicio dunha opción de amortización anticipada, ou ben sexa por causa da liquidación da entidade. Ao facer o cálculo a que se refire o parágrafo anterior, só se tomarán as participacións preferentes en circulación que inclúan este mecanismo de absorción de perdas. Neste caso, as perdas que se deberán considerar serán as que poidan xurdir nos estados reservados da entidade de obrigatoria remisión ao Banco de España.

Entenderase equivalente ao mecanismo previsto no inciso anterior, para o suposto en que concorra a circunstancia prevista no inciso i), a redución permanente do valor nominal das participacións preferentes na medida necesaria para que, sen existencia de que concorran perdas, a ratio de capital prevista no dito inciso retorne de maneira efectiva ao 5,125%, tendo en conta o eventual efecto da fiscalidade.

– O emisor deberá dispor, de maneira individualizada para cada investidor, dun documento en que: o investidor declare coñecer a porcentaxe que as participacións preferentes que inclúan este mecanismo de absorción de perdas supoñan, nese momento, fronte ao capital e ás reservas da entidade; o investidor acepte expresamente que o valor nominal da súa participación non é definitivo, senón que pode soportar as perdas previstas na normativa aplicable, cuxa literalidade deberá igualmente reflectirse no documento. A información sobre a porcentaxe antes citada reiterarase aos investidores afectados polo menos unha vez ao ano e sempre que se leve a cabo unha nova emisión de participacións preferentes. Con carácter simultáneo á aplicación das perdas, comunicarase aos investidores o novo valor nominal da súa participación.

En ningún caso as restantes condicións contractuais que regulen os procesos de absorción de perdas poderán conter cláusulas que dificulten a recapitalización, tales como disposicións que requiran que o emisor compense o tedor se se emite un novo instrumento a un prezo menor durante un período de tempo especificado.

d) No caso de amortización anticipada por iniciativa do emisor a que se refire a alínea f) do número 1 da disposición adicional segunda da Lei 13/1985, este só poderá proceder ao reembolso anticipado unha vez transcorridos cinco anos desde o desembolso da emisión se con isto non se ve afectada a situación financeira nin a solvencia da «entidade», coa previa autorización do Banco de España; sen prexuízo do previsto no último parágrafo do artigo 14.2 do Real decreto 216/2008, só se poderá entender que aquelas non se ven afectadas cando i) a entidade substitúa o instrumento amortizado con elementos computables como recursos propios de igual ou maior calidade e a dita substitución se efectúe en condicións que sexan compatibles coa capacidade de xeración de ingresos pola entidade, ou ii) esta demostre que os seus recursos propios computables superan convenientemente os requirimentos mínimos tras a operación.

As cláusulas contractuais:

– Non poderán incluír incentivos á amortización anticipada, xa sexan directos, como os incrementos de tipo de xuro ligados a ela, ou indirectos, como prever unha remuneración que se eleve cando se reduza a calidade crediticia do emisor ou de empresas do seu grupo; o emisor tampouco poderá crear ningunha expectativa de que se exercitará a opción de compra ou de que se reembolsará a emisión de calquera outra forma.

– Deberán prever que o impagamento da remuneración ou do principal que é posible amortizar anticipadamente non pode facultar o investidor para instar a declaración de situación concursal ou para exixir o vencemento anticipado da emisión.

A entidade non poderá crear ningunha expectativa de que se exercitará a opción de compra ou de que se reembolsará a emisión de calquera outra forma.

e) A recompra parcial ou total da emisión tamén requirirá a autorización previa do supervisor, a menos que teña por obxecto facilitar a súa liquidez no mercado secundario e non exceda o 2% da emisión.

f) Nin o emisor nin calquera empresa do seu grupo económico poderán asegurar nin garantir o importe desembolsado, nin este poderá ser obxecto de acordo de ningún tipo que mellore xurídica ou economicamente a súa prelación fronte aos acredores, subordinados ou non, do emisor e, de ser o caso, fronte aos da entidade dominante do grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito.

g) Nos contratos e folletos de emisión quedará patente a condición de instrumento de capital tanto para o emisor como para o investidor.»

f) O punto ii) da alínea e) do número 5 modifícase como segue:

«ii) Cumpran as restantes condicións establecidas para a súa computabilidade nesta norma, non só en relación coa entidade emisora, senón tamén respecto á entidade do grupo mencionada na alínea precedente.»

g) O punto iii) da alínea f) do número 5 modifícase como segue e engádese un novo punto iv) ao dito número:

«iii) Non dean lugar a excesos significativos de recursos propios, medidos sobre os requirimentos que a consolidación do emisor xere no grupo. Entenderase como exceso significativo o que supere o 25% dos citados requirimentos.

iv) No caso de que recollan o mecanismo de redución do valor nominal previsto no número 4 c) anterior, a dita redución deberá producirse, en todo caso, cando a activación do mecanismo correspondente afecte o grupo no seu conxunto.»

h) Engádese un novo número 7 coa seguinte redacción:

«7. Para seren computables como recursos propios básicos, as accións sen voto emitidas por empresas españolas, á parte de cumpriren os requisitos exixibles ás participacións preferentes, estarán dispoñibles para a cobertura de riscos e perdas da entidade emisora en caso de saneamento xeral e na súa liquidación.

Os valores análogos ás accións sen voto emitidos por filiais estranxeiras deberán cumprir, mutatis mutandis, iguais requisitos, tendo en conta a súa lexislación mercantil, ben que, se esta recolle como causa de insolvencia que o pasivo exixible supere o activo, o instrumento non poderá contribuír a que tal causa se cumpra.»

7. Na norma novena:

a) As alíneas b), g) e j) do número 1 modifícanse de acordo co seguinte texto:

«b) As accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da entidade de crédito ou do grupo que se achen en poder daquela ou no de calquera entidade consolidable, incluso os posuídos a través de persoas que actúen por conta de calquera delas, e os que fosen obxecto de calquera operación ou compromiso que prexudique a súa eficacia para cubrir perdas da entidade ou do grupo. En particular, deduciranse os comprados a prazo (netos das vendas a prazo que non teñan risco de contrapartida) e os vendidos a terceiros con opción de devolución aberta a unha entidade do grupo, ou con compromiso de recompra a prazo por unha entidade do grupo, así como as posicións longas en operacións de equity swaps sobre accións propias e as compras sintéticas de accións propias, entendéndose por compra sintética a combinación dunha opción de compra comprada e unha opción de venda vendida co mesmo prezo de exercicio e data de vencemento. Nestes casos, a dedución efectuarase polo valor con que se

registrarían en libros as accións subxacentes, sen prexuízo das perdas que poida reflectir o movemento no prezo do derivado.

Tamén se deberán deducir as posicións indirectas en accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da entidade, mantidas a través de posicións netas en índices que os inclúan.

Así mesmo, deduciranse os financiamentos, directos ou indirectos, a terceiros cuxo obxecto sexa a adquisición de accións, achegas ou outros valores computables como recursos propios da entidade que os outorgase ou doutras entidades do seu grupo consolidable. A dedución aplicarase sexa cal for a finalidade da adquisición e aínda que os valores adquiridos queden integrados na carteira de negociación ou a adquisición se produza como consecuencia dunha actividade de creación de mercado.»

«g) As participacións iguais ou inferiores ao 10% do capital de entidades financeiras consolidables pola súa actividade, pero non integradas no grupo consolidable, e os financiamentos subordinados ou outros valores computables emitidos por entidades dese carácter, participados ou non, e adquiridas pola entidade ou grupo que teña as participacións, na parte en que a suma de todas elas exceda o 10% dos recursos propios da "entidade", calculados despois de levar a cabo as deducións a que se refiren as alíneas a), b) e c) deste número.»

«j) O importe das exposicións en titulizacións que reciban unha ponderación de risco do 1.250%, salvo cando o dito importe fose incluído no cálculo dos riscos ponderados para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por activos titulizados, se encontren ou non dentro da carteira de negociación.»

b) No número 5 engádese un cuarto parágrafo co seguinte texto:

«Os elementos recollidos na alínea j) do número 1 desta norma non se deducirán se foron incluídos, para efectos do disposto no número 1 da norma cuarta, no cálculo das posicións ponderadas por risco, ben sexa na carteira de investimento ou de negociación.»

8. Na norma décimo primeira:

a) Modifícanse as alíneas a), b) e c) do número 1 de acordo coa seguinte redacción:

«a) Os recursos propios básicos dunha entidade de crédito estarán constituídos pola suma dos elementos recollidos nas alíneas a), b) e i) do número 1 da norma oitava, así como polas accións sen voto que cumpran o previsto no número 7 da dita norma, menos o importe do concepto a) do número 1 da norma novena e das partidas incluídas no concepto b) deste último número relativas a aqueles elementos.

Dos recursos propios básicos exclúiranse as participacións preferentes e as accións sen voto a que se refire o parágrafo anterior que excedan o 30 % dos recursos propios básicos.

En todo caso, o capital ordinario e as reservas, netos de perdas, activos inmateriais e das demais deducións citadas na alínea b) do número 1 da norma novena que afecten directamente o dito capital, deberán ser superiores ao 50% dos recursos propios básicos da entidade de crédito.

b) Os recursos propios básicos dun grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito incluírán, co seu signo, os elementos citados no primeiro parágrafo da alínea precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables, sempre que cumpran coas condicións mencionadas no número 5 da norma oitava que os afecten; en particular, das reservas en sociedades consolidadas exclúiranse a parte que corresponda a reservas de revalorización.

Destes recursos propios básicos excluírase, de ser o caso, o importe excedentario agregado das participacións representativas de intereses minoritarios correspondentes a accións ordinarias, tal e como se define a continuación, na parte que supere o 10% dos recursos propios básicos do grupo ou subgrupo.

O importe excedentario agregado a que se refire o parágrafo anterior determinarase do seguinte modo:

– Só se terán en conta as filiais cuxos activos totais sexan maiores que o 1% dos activos totais consolidados, sempre que o importe dos recursos propios computables localizados na filial exceda en polo menos un 25% os requirimentos de recursos propios que a filial xere ao grupo ou subgrupo; ademais, as entidades obrigadas dun grupo consolidable poderán solicitar ao Banco de España excluír do cálculo outras filiais de escasa significación para determinar o dito excedente agregado.

– O importe excedentario individual de cada filial calcularase atendendo á proporción que a participación minoritaria represente no capital da filial.

Tamén se excluírán as participacións preferentes e as accións sen voto ou valores análogos emitidos por empresas estranxeiras que, mesmo cumprindo o previsto no número 7 da norma oitava, excedan, ao nivel de grupo ou subgrupo, o límite do 30% citado na alínea a) anterior.

O disposto nos parágrafos precedentes desta alínea aplicarase igualmente para calcular os recursos propios computables das entidades matrices a que se refire o número 5 da norma quinta e das filiais que deban aplicar a subconsolidación a que se refire o número 3 da mesma norma.

En todo caso, os recursos propios básicos do grupo ou subgrupo deberán estar constituídos en máis dun 50% polo capital ordinario e as reservas, netos de perdas, activos inmateriais e as demais deducións que afecten o dito capital e polas participacións representativas de intereses minoritarios que correspondan a accións ordinarias e que non excedan o límite indicado anteriormente.

c) Os recursos propios de segunda categoría dunha entidade de crédito estarán constituídos polos elementos contidos nas alíneas c), d), e), f) e g) do número 1 da norma oitava, polas accións sen voto que non cumpran as condicións para seren incluídas dentro da alínea a) precedente e polas accións rescatables e financiamentos subordinados cuxa duración inicial non sexa inferior a cinco anos, netos das súas deducións, é dicir, das partidas incluídas no concepto b) do número 1 da norma novena relativas a eses elementos.»

b) A alínea e) do número 1 modifícase de acordo co seguinte texto:

«e) Os recursos propios auxiliares dunha entidade ou grupo consolidable de entidades de crédito estarán integrados polos financiamentos subordinados a curto prazo que teñan en circulación.

As participacións preferentes e as accións sen voto ou valores análogos emitidos por empresas estranxeiras que cumpran o previsto no número 7 da norma oitava, excluídas dos recursos propios básicos en virtude do establecido nos números anteriores, poderán integrarse dentro dos recursos propios de segunda categoría, individuais ou consolidados, dentro dos límites que indica o seguinte número.»

c) O número 3 modifícase de acordo co seguinte texto:

«3. As entidades poderán computar como recursos propios, temporalmente e en situacións de urxencia, os elementos en exceso dos límites establecidos no número 2 desta norma, logo de autorización expresa do Banco de España. Na solicitude de autorización, as “entidades” indicarán a contía e o prazo para o cal a

propoñen, e as medidas previstas para regularizar a situación. O Banco de España poderá fixar contías ou prazos inferiores aos propostos.»

d) Suprímense os números 4 e 5.

9. Na norma décimo sexta:

a) Engádese un segundo parágrafo no número 6 co seguinte texto:

«Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior e no número 8 desta norma, asignarase unha ponderación do 20% ás exposicións fronte ás administracións rexionais e ás autoridades locais dos Estados membros da Unión Europea denominadas e financiadas na divisa nacional desas administracións rexionais ou autoridades locais.»

b) As alíneas d), e) e f) do número 37 reciben a seguinte redacción:

«d) Exposicións garantidas con hipotecas sobre inmobles residenciais, na forma e condicións que se expoñen a continuación:

– Préstamos garantidos ata o menor dos dous importes seguintes:

- i) Principal dos préstamos que teñan como garantía o mesmo inmovible.
- ii) 80% do valor das propiedades que serven de garantía.

– Títulos non subordinados emitidos por vehículos de titulización que estean regulados pola lexislación dun Estado membro e que titulicen préstamos garantidos con hipotecas sobre inmobles residenciais, sempre que polo menos o 90% dos activos de tales vehículos de titulización estean constituídos por préstamos hipotecarios que se valoren tendo en conta o menor dos importes seguintes:

- i) Nominal dos títulos emitidos polo vehículo de titulización.
- ii) Principal dos préstamos que teñan como garantía o mesmo inmovible.
- iii) 80% do valor dos inmobles que serven de garantía.

Ademais, os títulos deberán ter asignada unha calidade crediticia de nivel 1, de acordo co previsto nesta norma, e non poderán superar o 10% do importe nominal dos activos afectos aos bonos garantidos.

O límite do 90% non será de aplicación, no entanto, ás exposicións orixinadas pola transmisión e xestión de pagamentos dos debedores dos préstamos garantidos con inmobles asociados aos títulos non subordinados emitidos polos vehículos ou con títulos de débeda, nin polos ingresos derivados da liquidación de tales préstamos.

e) Exposicións garantidas con hipotecas sobre inmobles comerciais, na forma e condicións que se expoñen a continuación:

– Préstamos garantidos ata o menor dos dous importes seguintes:

- i) Principal dos préstamos que teñan como garantía o mesmo inmovible.
- ii) 60% do valor das propiedades que serven de garantía.

– Títulos non subordinados emitidos por vehículos de titulización que estean regulados pola lexislación dun Estado membro e que titulicen préstamos garantidos con hipotecas sobre inmobles comerciais, sempre que polo menos o 90% dos activos de tales vehículos de titulización estean constituídos por préstamos hipotecarios que se valoren tendo en conta o menor dos importes seguintes:

- i) Nominal dos títulos emitidos polo vehículo de titulización.
- ii) Principal dos préstamos que teñan como garantía o mesmo inmovible.
- iii) 60% do valor dos inmobles que serven de garantía.

Ademais, os títulos deberán ter asignada unha calidade crediticia de nivel 1, de acordo co previsto nesta norma, e non poderán superar o 10% do importe nominal dos bonos garantidos.

O límite do 90% non será, no entanto, de aplicación ás exposicións orixinadas pola transmisión e xestión de pagamentos dos debedores dos préstamos garantidos con inmobles asociados aos títulos non subordinados emitidos polos vehículos ou con títulos de débeda, nin polos ingresos derivados da liquidación de tales préstamos.

– Así mesmo, considerarase que cumpren os requisitos previstos nesta alínea os préstamos garantidos con hipotecas sobre inmobles comerciais cando a relación entre o principal dos préstamos que teñan como garantía o mesmo inmovible e o valor das propiedades que lles serven de garantía sexa superior ao 60% e inferior ou igual ao 70%, sempre que o valor total das propiedades hipotecadas para cubrir os bonos garantidos supere nun 10%, como mínimo, o importe nominal dos bonos garantidos e que, ademais, os dereitos dos titulares dos bonos cumpran os requisitos de certeza legal establecidos nas normas sobre redución do risco de crédito establecidas na sección terceira deste capítulo. Os dereitos dos titulares dos bonos terán prioridade sobre a garantía real fronte a calquera outro acredor.

f) Préstamos garantidos con buques, cando os préstamos hipotecarios correspondentes, unidos aos restantes que teñan o mesmo buque como garantía, non superen o 60% do valor do buque.»

10. Dáselle a seguinte redacción ao número 2 da norma décimo novena:

«2. O recoñecemento dunha ECAI como elixible exixirá que a súa metodoloxía de cualificación cumpra os requisitos de obxectividade, independencia, revisión continua da metodoloxía aplicada e transparencia establecidos nos números 7 a 13 desta norma, e que as súas cualificacións crediticias cumpran os requisitos de credibilidade e aceptación polo mercado a que se refiren os números 14, 15 e 16. Para a avaliación do cumprimento destes requisitos teranse en conta, ademais do disposto nos números seguintes desta norma, as guías que sobre o recoñecemento das axencias de cualificación externa publique a Autoridade Bancaria Europea (o antigo Comité Europeo de Supervisores Bancarios, CEBS).

Considerarase que se cumpren os requisitos de obxectividade, independencia, revisión continua e transparencia exhibibles á metodoloxía aplicada, cando a axencia de cualificación externa estea rexistrada como tal, de conformidade co Regulamento (CE) 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativo ás axencias de cualificación crediticia.»

11. Na norma vixésimo quinta:

a) Dáselle a seguinte redacción ao número 27:

«27. Cando as exposicións fronte a institucións de investimento colectivo (IIC) cumpran os criterios establecidos na epígrafe Ñ) da norma décimo sexta e a entidade de crédito teña coñecemento da totalidade ou parte das exposicións subxacentes da IIC, os importes das exposicións ponderadas por risco e os importes das perdas esperadas calcularanse sobre as exposicións subxacentes utilizando o método IRB regulado nesta sección.

Á parte das exposicións subxacentes da IIC de que a entidade de crédito non teña coñecemento ou non se poida razoablemente esperar que o teña, así como nos casos en que o exame das exposicións subxacentes co fin de calcular as exposicións ponderadas por risco e as perdas esperadas, segundo os métodos establecidos nesta sección, supoña unha carga desproporcionada para a entidade de crédito, será de aplicación o establecido no número 30 desta norma.»

b) O número 28 recibe a seguinte redacción:

«28. Se a entidade coñece a totalidade ou parte das exposicións subxacentes, pero non cumpre os requisitos establecidos nesta sección para a utilización do método IRB respecto dalgunha ou dalgunhas das categorías de exposición previstas na norma vixésimo terceira, as exposicións ponderadas por risco e os importes das perdas esperadas para as ditas categorías de exposición calcularanse conforme as seguintes regras:

a) Categoría de renda variable: aplicarase o método simple de ponderación de risco regulado nos números 19 a 21 desta norma. Se a entidade de crédito non pode distinguir entre exposicións de renda variable non cotizadas incluídas en carteiras suficientemente diversificadas, exposicións de renda variable negociables en mercados organizados e resto de exposicións de renda variable, aplicará ás exposicións en cuestión o tratamento previsto nos ditos números para a subcategoría de resto de exposicións de renda variable. Poderase aplicar a esta subcategoría o método estándar regulado na sección primeira deste capítulo cando o importe agregado das exposicións mantidas, excluídas as exposicións de renda variable contraídas conforme a alínea g) do número 4 da norma vixésimo cuarta, non supere, en media durante o ano anterior, o 10% dos recursos propios da entidade.

b) Resto de exposicións subxacentes: aplicarase o método estándar regulado na sección primeira deste capítulo, coas modificacións seguintes:

i) A ponderación de risco daquelas exposicións que, ou ben están suxeitas ao nivel de cualificación crediticia que reflecta a ponderación de risco máis elevada da súa categoría, ou ben están suxeitas á ponderación aplicable en cada categoría ás exposicións sen cualificación, multiplicarase por 2, sen que poida exceder o 1.250 %.

ii) A ponderación de risco das demais exposicións multiplicarase por 1,1 e estará suxeita a un mínimo do 5%.»

c) O número 29 recibe a seguinte redacción:

«29. Cando as exposicións fronte a IIC non cumbran os criterios establecidos na epígrafe Ñ) da norma décimo sexta ou as entidades de crédito non teñan coñecemento de todas as exposicións subxacentes da IIC, as entidades de crédito poderán calcular elas mesmas ou ben encomendar a un terceiro o cálculo e a realización do informe da ponderación media das exposicións ponderadas por risco de crédito a partir das exposicións subxacentes. Este cálculo deberase facer de acordo coas regras de cálculo descritas no número 28 desta norma, sempre que a entidade considere que está garantida a exactitude do dito cálculo e do informe.»

d) O primeiro parágrafo do número 30 recibe a seguinte redacción:

«30. Finalmente, cando as exposicións fronte a IIC non cumbran os criterios establecidos na epígrafe Ñ) da norma décimo sexta ou a entidade de crédito non teña coñecemento de todas as exposicións subxacentes da IIC e non se cumbran os requisitos para aplicar as regras de cálculo descritas no número 28 desta norma, as exposicións ponderadas por risco de crédito calcularanse de acordo coas seguintes regras:»

12. A alínea c) do número 5 da norma vixésimo sétima modifícase de acordo co seguinte texto:

«c) Bonos garantidos definidos nos números 36 e 37 da norma décimo sexta: 11,25%.»

13. Engádense dous novos números na norma quincuaxésimo terceira co seguinte texto:

«29. “retitulización”: titulación na cal o risco asociado a un conxunto de exposicións subxacente está dividido en tramos e polo menos unha das exposicións subxacentes é unha posición nunha titulación.

30. “posición nunha retitulización”: a exposición fronte a unha retitulización.»

14. A alínea g) do número 1 da norma quincuaxésimo sexta modifícase de acordo co seguinte texto:

«g) Que a documentación da titulación non conteña cláusulas que, como resposta a unha deterioración real ou esperada da calidade crediticia das exposicións tituladas, exijan que a entidade orixinadora ou patrocinadora asuma máis risco de crédito do que proporcionaba ao inicio da transacción e, por conseguinte, mellore a situación das restantes posicións de titulación por medios tales como a alteración da composición do conxunto de exposicións tituladas ou o aumento do rendemento pagadoiro aos investidores ou patrocinadores da titulación. Exceptúanse desta previsión as cláusulas de amortización anticipada que sexan admisibles nos termos previstos nesta sección.»

15. Introdúcese unha nova norma quincuaxésimo sexta bis coa seguinte redacción:

«Norma quincuaxésimo sexta bis. *Exposicións por risco de crédito transferido.*

1. Unha entidade de crédito que non sexa orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal soamente se poderá expor ao risco de crédito dunha posición de titulación, na súa carteira de negociación ou fóra dela, se a entidade orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal revelou de maneira explícita á entidade de crédito que se dispón a reter, de maneira constante, un xuro económico neto significativo, que, en calquera caso, non poderá ser inferior ao 5 %.

Para efectos do presente artigo, entenderase por “retención dun xuro económico significativo”:

a) a retención dun 5 %, como mínimo, do valor nominal de cada un dos tramos vendidos ou transferidos aos investidores ou, de maneira equivalente, a retención de polo menos un 5% do valor nominal de cada unha das exposicións tituladas.

No caso de programas ABCP, o requisito de retención a que se refire o parágrafo anterior poderá cumprirse mediante a subministración de liñas de liquidez sempre que:

i) a liña cubra o risco de crédito das exposicións, e non unicamente os riscos de liquidez e de perturbación nos mercados ou outros riscos da titulación non relacionados co crédito;

ii) a liña cubra o 100 % do risco de crédito das ditas exposicións;

iii) os termos e condicións da liña garantan que se mantén dispoñible (de forma continxente ou mediante disposición) durante o tempo que a orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal teña que cumprir o requisito de retención por medio da dita liña para as posicións de titulación pertinentes;

iv) a entidade de crédito que asuma exposicións fronte a estes programas teña acceso suficiente á documentación que lle permita verificar adecuadamente o cumprimento das condicións anteriores.

b) no caso das titulacións de exposicións renovables, a retención do xuro da orixinadora do 5 % como mínimo do valor nominal das exposicións tituladas;

c) a retención de exposicións elixidas ao azar, equivalente ao 5 % como mínimo do importe nominal das exposicións tituladas, cando estas exposicións se

tivesen titulizado doutro modo na titulización, sempre e cando o número de exposicións potencialmente titulizadas non sexa inferior a 100 no orixe, ou

d) a retención do tramo de primeira perda e, en caso necesario, outras fraccións que teñan un perfil de risco similar ou superior ás transferidas ou vendidas aos investidores e que non venzan de ningún modo antes que as transferidas ou vendidas aos investidores, de xeito que a retención equivalla en total ao 5 % como mínimo do valor nominal das exposicións titulizadas. Para tal efecto, a retención poderá consistir na concesión dun aval ou doutro tipo de garantía (xa sexa mediante carta de crédito ou unha forma similar de apoio crediticio), sempre que:

i) cubra o risco de crédito das exposicións e non só outros riscos non relacionados co de crédito;

ii) cubra o 5% como mínimo do risco de crédito das exposicións e asumise unha posición de primeira perda con respecto á titulización;

iii) cubra o risco de crédito durante o tempo que a orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal teña que cumprir o requisito de retención utilizando o dito instrumento para as posicións de titulización pertinentes;

iv) a entidade de crédito que asuma exposicións fronte á titulización teña acceso suficiente á documentación que lle permita verificar adecuadamente o cumprimento das condicións i) a iii) anteriores.

2. O xuro económico neto mídese en orixe e deberá manterse de maneira constante. Non estará suxeito a ningunha redución do risco de crédito nin a ningunha posición curta nin a ningunha outra cobertura. Para os elementos de contas de orde, estará determinado polo valor teórico correspondente.

Para efectos da presente NORMA, por “de maneira constante” entenderase que as posicións, os xuros ou as exposicións retidos non se cobren nin se venden. Iso non impide que quen reteña o xuro económico neto poida usalo como garantía en operacións de financiamento apoiadas con activos e, en particular, en operacións de cesión temporal de activos, sempre que as ditas operacións non conteñan características que permitan transferir o risco de crédito do dito xuro retido.

3. Non se procederá a ningunha aplicación múltiple dos requisitos de retención para ningunha titulización.

4. Logo de comunicación ao Banco de España, as entidades poderán non aplicar o número 1 a posicións de titulización ás cales estean expostas a través de filiais bancarias ou empresas de servizos de investimento do grupo domiciliadas nun país non pertencente ao Espazo Económico Europeo, sempre que as ditas posicións de titulización se encontren na carteira de negociación da filial, non sexan significativas nin formen parte desproporcionada das súas actividades de negociación, e sempre que exista un coñecemento profundo delas e se implantasen políticas formais e procedementos apropiados e proporcionais ao perfil de risco da entidade e do grupo polo menos nos termos previstos nos números 7 e 8 desta NORMA.

5. O número 1 non se aplicará cando as exposicións titulizadas constitúan créditos (incluso en forma de valores negociables, incluídos os bonos ou cédulas hipotecarias ou territoriais e instrumentos similares) ou créditos continxentes fronte a –ou garantidos de forma total, incondicional e irrevogable por–:

a) administracións centrais ou bancos centrais;

b) administracións rexionais, autoridades locais e entidades do sector público dos Estados membros;

c) institucións ás cales se lles asigne unha ponderación de risco do 50 % ou inferior conforme o capítulo cuarto desta circular,

d) bancos multilaterais de desenvolvemento, ou

e) as entidades orixinadoras ou patrocinadoras da titulización, salvo cando se trate de pasivos propios que transmitan o risco de crédito fronte a terceiros (bonos vinculados a crédito, credit-linked notes).

O disposto no número 1 tampouco se aplicará:

a) ás transaccións baseadas nun índice claro, transparente e accesible cando as entidades de referencia subxacentes sexan idénticas ás que elaboran un índice de entidades amplamente negociado ou sexan valores negociables distintos das posicións de titulización, ou

b) aos préstamos sindicados, aos dereitos de cobramento ou ás permutas de cobertura por incumprimento crediticio, sempre que os ditos instrumentos non se utilicen para “reconverter” ou cubrir titulizacións que entren no ámbito dos números anteriores.

6. Cando unha entidade de crédito matriz da UE ou unha sociedade financeira de carteira matriz da UE, ou unha das súas filiais, como orixinadora ou como patrocinadora, titulice exposicións de varias entidades de crédito, empresas de investimento ou outras entidades financeiras incluídas no ámbito de supervisión de modo consolidado, o requisito mencionado no número 1 poderá cumprirse sobre a base da situación consolidada da entidade de crédito matriz da UE ou a sociedade financeira de carteira matriz da UE vinculadas. O presente número só se aplicará cando as entidades de crédito, as empresas de investimento ou as entidades financeiras que crearon as exposicións titulizadas se comprometesen a cumprir os requisitos establecidos no número 9 e faciliten, con tempo suficiente, á orixinadora ou patrocinadora e á entidade de crédito matriz da UE ou á sociedade financeira de carteira matriz da UE a información necesaria para cumprir os requisitos mencionados no número 10.

7. Antes de investir, e a partir de entón cando sexa oportuno, as entidades de crédito deberán poder demostrar ao Banco de España, respecto de cada unha das súas posicións de titulización, que as coñecen, na súa totalidade e en todos os seus pormenores, e que aplicaron as políticas e os procedementos formais adecuados á súa carteira de negociación e ás súas operacións fóra dela e en proporción ao perfil de risco dos seus investimentos en posicións titulizadas para examinar e consignar:

a) a información divulgada conforme o número 1 polas entidades orixinadoras ou patrocinadoras para especificar o xuro económico neto que manteñen, de forma constante, na titulización;

b) as características de risco de cada posición de titulización;

c) as características de risco das exposicións subxacentes á posición de titulización;

d) a reputación e o historial de perdas en titulizacións anteriores das entidades orixinadoras ou patrocinadoras respecto das categorías pertinentes de exposición subxacentes á posición de titulización;

e) as declaracións e revelacións das entidades orixinadoras ou patrocinadoras, ou dos seus axentes ou asesores, en relación coa dilixencia debida respecto das exposicións titulizadas e, se procede, da calidade da garantía real que apoia as exposicións titulizadas;

f) de ser o caso, as metodoloxías e conceptos en que se basea a valoración das garantías reais que apoian as exposicións titulizadas e as políticas adoptadas pola entidade orixinadora ou patrocinadora con vistas a garantir a independencia do taxador, e

g) todas as características estruturais da titulización que poidan ter unha incidencia significativa na evolución da posición de titulización da entidade.

As entidades de crédito levarán a cabo periodicamente as súas propias probas de resistencia adecuadas ás súas posicións de titulización. Para tal fin, as entidades de crédito poderán servirse dos modelos financeiros desenvolvidos por unha ECAI, sempre que poidan demostrar, cando así se lles requira, que previamente ao investimento velaron debidamente por validar as hipóteses pertinentes e estruturar os modelos, así como por entender a metodoloxía, as hipóteses e os resultados.

8. As entidades de crédito distintas das entidades orixinadoras, patrocinadoras ou acreedoras orixinais establecerán procedementos formais adecuados á súa carteira de negociación e ás súas operacións fóra dela e en proporción ao perfil de risco dos seus investimentos en posicións titulizadas co fin de facer un seguimento continuo e oportuno da información relativa á evolución das exposicións subxacentes ás súas posicións de titulización. A dita información incluirá, se procede, o tipo de exposicións, a porcentaxe de préstamos que se encontren en situación de mora desde hai máis de 30, 60 e 90 días, as taxas de impagamento, as taxas de amortización anticipada, os préstamos obxecto de execución hipotecaria, o tipo e a ocupación das garantías reais, a distribución de frecuencias das cualificacións crediticias ou outras medidas da calidade crediticia das distintas exposicións subxacentes, a diversificación sectorial e xeográfica, e a distribución de frecuencias das porcentaxes de financiamento sobre o valor de taxación, con bandas que faciliten unha análise de sensibilidade adecuada. Cando as exposicións subxacentes sexan pola súa vez posicións de titulización, as entidades de crédito terán a información indicada no presente número non só sobre os tramos de titulización subxacentes, como o nome do emisor e a calidade crediticia, senón tamén sobre as características e o rendemento dos conxuntos subxacentes a eses tramos de titulización.

As entidades de crédito posuirán un coñecemento profundo de todas as características estruturais dunha transacción de titulización que puideren ter efecto material no rendemento das súas exposicións á transacción, como os desencadeantes contractuais en serie e conexos, os apoios dos créditos, os reforzos de liquidez, os desencadeantes do valor de mercado e a definición de incumprimento específica para cada trato.

9. As entidades de crédito orixinadoras e patrocinadoras deberán aplicar ás exposicións que vaian titular os mesmos criterios sólidos e ben definidos de concesión de créditos que, de conformidade co previsto no número 2.d) i) da norma centésimo quinta, apliquen ás exposicións que vaian manter na súa carteira. Para tal fin, as entidades de crédito orixinadoras e patrocinadoras aplicarán os mesmos procedementos de aprobación e, se procede, modificación, renovación e refinanciamento de créditos.

As entidades de crédito aplicarán igualmente os mesmos parámetros de análise ás participacións ou subscricións en emisións de titulización adquiridas a terceiros, ben vaian manter as ditas participacións ou subscricións dentro ou fóra da súa carteira de negociación.»

10. As entidades de crédito orixinadoras e patrocinadoras comunicarán aos investidores o nivel do seu compromiso, conforme o número 1, de manter un xuro económico neto na titulización. As entidades de crédito orixinadoras e patrocinadoras aseguraranse de que os posibles investidores poidan acceder facilmente a todos os datos pertinentes sobre a calidade crediticia e a evolución das distintas exposicións subxacentes, os fluxos de tesouraría e as garantías reais que apoian unha exposición de titulización, así como a canta información resulte necesaria para realizar probas de resistencia minuciosas e documentadas respecto dos fluxos de caixa e o valor das garantías reais que apoian as exposicións subxacentes. Para tal efecto, os datos pertinentes determinaranse na data da titulización ou, se procede, debido á natureza da titulización, despois desa data.

As entidades orixinadoras e patrocinadoras dunha titulización comunicarán o seu compromiso de retención aos posibles investidores incluíndo, cando menos, a seguinte información:

– Que entidade retén, en calidade de que retén (orixinadora, patrocinadora ou acreedora orixinal) e canto retén. En caso de que non proceda reter (por tratarse dalgunhas das excepcións recollidas no número 5 desta norma), debe explicitarse que non procede e a razón pola cal non procede.

– Que o compromiso de retención se asumiu ao inicio e de maneira constante, e que se confirmará coa mesma frecuencia, cando menos, que a que teñan os informes periódicos sobre a titulización. Confirmar o compromiso consiste en confirmar que non se produciu ningunha actuación que socavase a aplicación do requisito de retención.

– Unha explicación detallada da opción de retención elixida, cunha referencia expresa ao caso, dos recollidos nas alíneas a) a d) do número 1 anterior, no que encaixa a dita opción, e que permita unha fácil comprensión de como se cumpríu coas exixencias propias de cada opción.

– Os lugares e documentos en que se proporciona toda a información anterior, incluído onde se proporcionará a confirmación do compromiso de retención coa mesma frecuencia, cando menos, que a que teñan os informes periódicos sobre a titulización.

Esta ou non dispoñible esta información no folleto de emisión, e sexa este ou non exixible, a entidade faraa constar na escritura ou documento equivalente en que se procede a transferir o risco das exposicións titulizadas, e subministraraa ou referenciaraa publicamente no sitio web da entidade, mediante unha localización ou uns enlaces que lles permitan aos potenciais investidores un fácil acceso non só á información anteriormente explicitada, senón a todos os datos pertinentes sobre as súas exposicións.

Para cada titulización, a información deberá estar dispoñible ou referenciada no sitio web de polo menos unha das seguintes entidades e, sempre que sexa posible, na seguinte orde: orixinadora, patrocinadora, acreedora orixinal. Isto non implica que sexan elas necesariamente as que subministran os datos, que poden unicamente remitir ao lugar en que se presentan os ditos datos, e pode ser, por exemplo, a entidade xestora da titulización a que os presente.»

16. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 da norma quincuaxésimo sétima co seguinte texto:

«2. No caso das entidades orixinadoras que, de conformidade co establecido na norma quincuaxésimo cuarta, apliquen as normas contidas na subsección 2 desta sección para o cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito, aplicaranse as seguintes regras, sempre que, ademais, a entidade cumprise coas obrigas que, para as entidades orixinadoras, se establecen no primeiro parágrafo do número 9 da norma quincuaxésimo sexta bis:»

17. Dáselle a seguinte redacción ao número 1 da norma quincuaxésimo oitava:

«1. As entidades orixinadoras que aplicasen o disposto no número 2 da norma quincuaxésimo sétima e as entidades patrocinadoras que vendesen instrumentos das súas carteiras de negociación a unha entidade especializada en orixinar titulizacións, de tal modo que xa non se lles exixa dispor de recursos propios fronte aos riscos dos ditos instrumentos, non poderán prestar ningunha clase de apoio implícito á titulización.»

18. O número 8 da norma quincuaxésimo novena modifícase como segue:

«8. Nos casos en que unha entidade conte con dúas ou máis posicións solapadas nunha titulización, exixírase, na medida en que se solapen, que a

entidade inclúa no cálculo das exposicións ponderadas por risco soamente a posición ou porcentaxe de posición que produza as exposicións ponderadas por risco máis elevadas. A entidade de crédito poderá recoñecer, así mesmo, o dito solapamento entre as exixencias de capital por risco específico para posicións da carteira de negociación e as exixencias de capital para posicións da carteira de investimento, sempre que a entidade de crédito poida calcular e comparar as exixencias de capital para as posicións correspondentes. Para tal efecto, entenderase por solapamento o feito de que as posicións representen, total ou parcialmente, na medida en que coincidan, unha soa exposición ao mesmo risco, como é o caso dunha titulización con dúas liñas de liquidez que proporcionen, respectivamente, apoio crediticio e de liquidez a unha mesma carteira de exposicións, de forma tal que a disposición dunha delas impida a disposición de parte ou da totalidade da outra.

Cando a alínea c) do número 1 da norma sexaxésimo quinta se aplique a posicións en notas promisorias de titulización, a entidade de crédito, logo de autorización do Banco de España, poderá utilizar a ponderación de risco asignada a unha liña de liquidez para calcular o importe da exposición en notas promisorias de titulización, ponderada por risco, se a liña de liquidez é de categoría similar á das notas promisorias, de maneira que formen posicións solapadas e o 100 % das notas promisorias emitidas polo programa ABCP estea cuberto por liñas de liquidez.»

19. O número 1 da norma sexaxésima modifícase de acordo co seguinte texto:

«1. No método estándar de titulización, as posicións de titulización ou retitulización respecto das cales se dispoña dunha cualificación crediticia externa efectuada por unha ECAI elixible recibirán a ponderación de risco que corresponda de acordo co cadro 1, en función do nivel de calidade crediticia que, de conformidade co disposto na norma sexaxésimo sexta, lles asigne o Banco de España ás cualificacións crediticias da referida ECAI.

Cadro 1

Nivel de calidade crediticia	1	2	3	4 (só para cualificacións de crédito que non sexan a curto prazo)	Outras cualificacións de crédito
Posicións de titulización	20%	50%	100%	350%	1.250%
Posicións de retitulización	40%	100%	225%	650%	1.250%»

20. Na norma sexaxésimo primeira:

a) Dáselle a seguinte redacción ao número 8:

«8. No método RBA, as posicións de titulización ou retitulización con cualificación recibirán a ponderación de risco que corresponda de acordo co cadro 3, en función do nivel de calidade crediticia que, de conformidade co disposto no número 1 da norma sexaxésimo sexta, lles asigne o Banco de España ás cualificacións crediticias da ECAI elixible que cualifícase as referidas posicións de titulización. Salvo no caso de posicións cun nivel de calidade crediticia correspondente a unha ponderación de risco do 1.250%, esa ponderación multiplicarase por 1,06 para efectos do cálculo das exposicións ponderadas por risco de crédito conforme o disposto no número 1 da norma quincuaxésimo novena.

Cadro 3

Nivel de calidade crediticia		Posicións de titulización			Posicións de retitulización	
Cualificacións de crédito que non sexan a curto prazo	Cualificacións de crédito a curto prazo	A	B	C	D	E
1	1	7%	12%	20%	20%	30%
2		8%	15%	25%	25%	40%
3		10%	18%	35%	35%	50%
4	2	12%	20%		40%	65%
5		20%	35%		60%	100%
6		35%	50%		100 %	150%
7	3	60%	75%		150%	225%
8		100%			200%	350%
9		250%			300%	500%
10		425%			500%	650%
11		650%			750%	850%
Restantes graos e posicións sen cualificación		1.250%»				

b) O número 9 modifícase de acordo co seguinte texto:

«9. Aplicaranse as ponderacións da columna C do cadro 4 do número anterior cando a posición de titulización non sexa unha posición de retitulización e sempre que o número de exposicións titulizadas sexa inferior a seis. Nas restantes posicións de titulización que non sexan posicións de retitulización aplicaranse as ponderacións da columna B, salvo se a posición se sitúa no tramo de maior prelación dunha titulización, caso en que se aplicarán as ponderacións da columna A. Nas posicións de retitulización aplicaranse as ponderacións da columna E, salvo se a posición se sitúa no tramo de maior prelación da retitulización e ningunha das exposicións subxacentes é, pola súa vez, unha exposición fronte a unha retitulización, caso en que se aplicarían as ponderacións da columna D. Para determinar se un tramo é o de maior prelación, non será preciso ter en conta os importes debidos por contratos de derivados sobre tipos de xuro ou divisas, as comisións debidas ou outros pagamentos similares.»

c) Dáselle a seguinte redacción ao número 10:

«10. Para calcular o número efectivo de exposicións titulizadas, as exposicións múltiples fronte a un debedor deberán tratarse como unha única exposición. O número efectivo de exposicións (N) calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$N = \frac{\left(\sum_i EAD_i \right)^2}{\sum_i EAD_i^2}$$

Sendo EAD_i o valor de exposición ou, de ser o caso, a suma dos valores de todas as exposicións mantidas fronte ao debedor i .

Para efectos do cálculo de N, as exposicións múltiples dun debedor trataranse como unha única exposición.

Se se coñece a proporción da carteira asociada á exposición de maior importe (C_1), a entidade poderá computar N como $1/C_1$ »

- d) Suprímese o número 11.
e) Modifícase o número 14 de acordo co seguinte texto:

«14. No método IAA, as entidades asignarán a cada posición de titulación sen cualificación un dos graos internos de cualificación crediticia referidos na alínea e) do número anterior.

A continuación atribuirase a cada posición unha cualificación “derivada”, equivalente á cualificación crediticia externa que, de conformidade co disposto na alínea e) do número anterior, corresponda ao referido nivel interno de cualificación.

Nos supostos en que, no momento en que se orixine a titulación, a cualificación “derivada” se corresponda cun nivel de calidade crediticia equivalente ou superior ao nivel 3 do cadro 3 do número 8 desta norma para cualificacións a curto prazo, ou equivalente ou superior ao nivel 8 do mencionado cadro para cualificacións distintas das de a curto prazo, no caso de posicións de titulación, ou equivalente ou superior ao nivel 5 do dito cadro para as posicións de retitulación, a dita cualificación “derivada” considerarase equivalente á cualificación crediticia externa efectuada pola ECAI elixible e aplicarase a ponderación de risco que corresponda a esta última cualificación conforme o método RBA.»

- f) Modifícase o número 15 de acordo coa seguinte redacción:

«15. No método SF, as posicións de titulación recibirán a ponderación de risco que corresponda conforme o previsto no número seguinte desta norma. Todo iso sen prexuízo do disposto nos números 21 a 23 desta norma.»

- g) No número 16, a definición de N substitúese pola seguinte:

«N é o número efectivo de exposicións calculadas conforme o número 10 desta norma. No caso dunha retitulación, a entidade de crédito deberá considerar o número de exposicións de titulación incluídas no conxunto de exposicións e non o número de exposicións subxacentes incluídas nos conxuntos de exposicións orixinais dos cales proceden as exposicións de titulación subxacentes.»

21. Introdúcese unha nova norma sexaxésimo cuarta bis coa seguinte redacción:

«Norma sexaxésimo cuarta bis. *Requirimento adicional en razón de negligencia ou omisión da dilixencia debida.*

No suposto de que as condicións dos números 1, 7, 8 e 10 da norma quincuaxésimo sexta bis non se satisfagan, ao xuízo do Banco de España, en relación con algún aspecto substancial en razón dunha negligencia ou omisión da “entidade” que se expuxese ao risco dunha posición de titulación, a “entidade” aplicará, mentres concorra tal circunstancia, unha ponderación de risco adicional proporcionada, non inferior ao 250 % da ponderación de risco, que, sen considerar os requirimentos adicionais desta norma, se aplicaría ás posicións de titulación pertinentes, conforme o previsto na subsección 2 da sección cuarta; a ponderación adicional aumentará progresivamente, cun límite máximo do 1.250 %, con cada incumprimento subseguinte apreciado polo Banco de España, segundo se define máis adiante, das disposicións citadas. Na aplicación da dita recarga, as “entidades” terán en conta as excepcións para determinadas titulacións previstas no número 5 da norma quincuaxésimo sexta bis, para reducir a recarga que, doutro modo, se debería aplicar.

A ponderación de risco total que se aplicará a unha posición de titulación virá determinada polo resultado de multiplicar por 100 a seguinte fórmula:

$$\text{MIN} [12,5; \text{Ponderación de risco orixinal} * (1 + (2,5 + 2,5 * D_{\text{anos}}) * (1 - \text{Exc}_{\text{pct}}))]$$

Sendo:

12,5: factor que representa o límite máximo para a ponderación de risco total (1.250%).

Ponderación de risco orixinal: ponderación de risco que, sen considerar os requirimentos adicionais desta norma, sería de aplicación á posición de titulación, conforme o previsto na subsección 2 da sección cuarta.

2,5: factor que representa o límite mínimo para a ponderación de risco adicional (250%).

D_{anos} : duración do incumprimento medido en anos, arredondada á baixa ao número enteiro de anos máis próximo. A duración empezará a computar desde o momento inicial do incumprimento. O termo incumprimento refírese á non satisfacción de un ou máis dos requirimentos da norma quincuaxésimo sexta bis susceptibles de dar lugar a ponderacións de risco adicionais.

Exc_{pct} : variable que toma o valor fixo de 0,5 no caso de que se trate dunha titulación en que as exposicións titulizadas constitúen créditos ou créditos continxentes fronte a -ou garantidos de forma total, incondicional e irrevogable por as categorías de garantes previstas nas alíneas a) a e) do primeiro parágrafo do número 5 da norma quincuaxésimo sexta bis, e un valor fixo de 0,25 no caso de que se trate dos casos recollidos nas categorías a) e b) do segundo parágrafo do dito número da dita norma.

Non obstante, o Banco de España poderá requirir a aplicación de variables e parámetros distintos, con carácter xeral ou particular, en caso de que o considere necesario á luz da experiencia ou como consecuencia de cambios nas guías que emita a Autoridade Bancaria Europea ao respecto.»

22. No número 1 da norma sexaxésimo quinta introdúcese unha nova alínea c) coa seguinte redacción:

«c) As cualificacións crediticias non se basearán nin total nin parcialmente en garantías persoais achegadas pola propia entidade de crédito. Nese caso, a entidade de crédito estudará a posición pertinente como se non se tivese cualificado e aplicará o tratamento correspondente ás posicións sen cualificación, como figura na norma quincuaxésimo novena.»

23. Introdúcese un novo número 7 na norma sexaxésimo sétima coa seguinte redacción:

«7. Nas cualificacións crediticias dos instrumentos financeiros estruturados, as ECAI deben explicar publicamente de que maneira incide nas súas cualificacións o comportamento conxunto das exposicións titulizadas.»

24. Engádese un terceiro parágrafo no número 5 da norma sexaxésimo oitava coa seguinte redacción:

«Cando a entidade de crédito use o método dos modelos internos, todos os conxuntos de operacións compensables cunha única contraparte poderán tratarse como un só conxunto de operacións compensables de os valores de mercado negativos simulados dos distintos conxuntos de operacións compensables se fixaren en 0 na estimación da exposición esperada, conforme o previsto no número 6 da norma septuaxésimo quinta.»

25. A alínea d) do número 2 da norma sexaxésimo novena modifícase de acordo coa seguinte redacción:

«d) Cando as entidades de crédito compren protección a través dun derivado de crédito para cubrir unha exposición da súa carteira de investimento ou unha exposición suxeita a risco de contraparte. Neses casos, salvo que a entidade de

crédito usase a opción prevista no número 4 da norma septuaxésima, o valor de exposición do derivado de crédito para efectos do risco de contraparte será cero, e as entidades de crédito poderán calcular os seus requirimentos de recursos propios respecto da exposición cuberta conforme o disposto na norma cuadraxésimo sétima, ou ben, logo de autorización do Banco de España, conforme as normas do dobre incumprimento contidas no número 7 da norma vixésimo quinta ou as normas para a estimación interna, por parte das entidades de crédito, dos efectos das garantías de sinatura e derivados de crédito previstas nos números 50 a 58 da norma trixésimo segunda.

Non obstante, as entidades de crédito poderán decidir a inclusión sistemática, para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios para a cobertura do risco de crédito de contraparte, de todos os derivados de crédito non incluídos na carteira de negociación e adquiridos como protección para cubrir unha exposición da súa carteira de investimento ou unha exposición suxeita a risco de contraparte, sempre que a cobertura do risco de crédito se recoñeza conforme o disposto na sección terceira do capítulo cuarto.»

26. O segundo parágrafo do número 8 da norma septuaxésimo terceira modifícase de acordo co seguinte texto:

«Non obstante o anterior, no caso dun CDS, cando se teña unha posición longa no activo subxacente poderá calcularse o importe do risco de crédito potencial futuro aplicando unha porcentaxe do 0%, salvo que o CDS estea suxeito a liquidación como consecuencia da declaración de insolvencia ou concurso de quen teña a posición curta no activo subxacente, aínda que o risco subxacente non fose incumplido, caso en que o importe do risco de crédito potencial futuro da entidade se limitará ao importe das primas aínda non aboadas pola empresa á entidade.»

27. O número 15 da norma septuaxésimo cuarta redáctase de acordo co seguinte texto:

«15. No caso dos CDS, establecerase un conxunto de posicións compensables por cada emisor das obrigas de referencia.

O tratamento dos CDS de enésimo incumprimento sobre cestas será o seguinte:

a) a magnitude dunha posición de risco nun instrumento de débeda de referencia comprendido nunha cesta subxacente a un CDS de enésimo incumprimento será igual ao valor nocional efectivo do instrumento de débeda de referencia multiplicado pola duración modificada do derivado de enésimo incumprimento con respecto a unha variación do diferencial crediticio do instrumento de débeda de referencia;

b) por cada instrumento de débeda de referencia comprendido nunha cesta subxacente a un CDS de enésimo incumprimento haberá un conxunto de posicións compensables; as posicións de risco derivadas de distintos CDS de enésimo incumprimento non se incluírán nun mesmo conxunto de posicións compensables;

c) o multiplicador do risco de contraparte aplicable a cada conxunto de posicións compensables creado por cada instrumento de débeda de referencia dun derivado de enésimo incumprimento será 0,3 %, para os instrumentos de débeda de referencia cunha cualificación crediticia efectuada por unha ECAI recoñecida equivalente aos graos 1 a 3 de calidade crediticia, e 0,6 % de se tratar doutros instrumentos de débeda.»

28. Na norma octoxésimo cuarta:

a) Dáselle a seguinte redacción á alínea a) do número 6:

«a) Políticas e procedementos documentados sobre o proceso de valoración que conteñan unha definición clara das responsabilidades das distintas áreas que

participen nese proceso, as fontes de información de mercado utilizadas para a realización da valoración, así como unha análise sobre a adecuación de cada unha delas, directrices para o uso de datos non observables que reflicten as hipóteses da entidade sobre os partícipes do mercado utilizarían ao determinar o prezo da posición, a frecuencia das valoracións independentes, a hora dos prezos de peche, os procedementos de axuste das valoracións, os procedementos de verificación a final de mes e os procedementos de verificación de carácter puntual que se establezan para fins concretos.»

b) Modifícase o número 8 de acordo co seguinte texto:

«8. Sempre que sexa posible, as posicións valoraranse a prezos de mercado. Para estes efectos, a valoración a prezos de mercado consistirá en valorar, cando menos diariamente, as posicións aos prezos de peche do mercado obtidos de fontes independentes. Entre eles, poderán utilizarse os prezos de mercados secundarios oficiais, as cotizacións electrónicas ou as cotizacións de diversos intermediarios independentes de prestixio.»

c) Dáselles a seguinte redacción ao primeiro parágrafo e á alínea a) do número 10:

«10. Cando a valoración a prezos de mercado non sexa posible, as entidades de crédito deberán valorar de forma prudente as súas posicións e carteiras mediante un modelo antes de aplicar as normas sobre requirimentos de capital da carteira de negociación. Para estes efectos, por valoración mediante un modelo deberá entenderse calquera valoración que se deba obter tomando como referencia ou extrapolando datos do mercado ou realizando calquera outro cálculo a partir dos ditos datos de mercado. Nese caso, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) A alta dirección deberá coñecer que os elementos da carteira de negociación ou outras posicións valoradas polo seu valor razoable son valorados conforme ese modelo e entender a materialidade da incerteza que iso incorpora á información sobre o risco ou rendemento do negocio.»

d) Os números 12, 13 e 14 redáctanse de acordo co seguinte texto:

«12. As entidades de crédito deberán establecer e manter procedementos para tomar en consideración os axustes de valoración. En particular, as entidades deberán tomar en consideración o cálculo dos axustes de valoración correspondentes aos seguintes elementos:

- a) Diferenciais de crédito aínda non realizados.
- b) Custos de liquidación.
- c) Riscos operativos.
- d) Cancelación anticipada.
- e) Custos de investimento e de financiamento.
- f) Custos administrativos futuros.
- g) Risco asociado á utilización dun modelo de valoración, cando proceda.

13. As entidades deberán establecer e manter procedementos para calcular un axuste da valoración real das posicións menos líquidas. Estes axustes realizaranse, de ser o caso, de forma adicional a calquera variación do valor da posición que resulten necesarias para efectos de información financeira e estarán destinados a reflectir a iliquidez da posición. Conforme os ditos procedementos, as entidades terán en conta varios factores á hora de determinar se é necesario un axuste de valoración para as posicións menos líquidas. Entre tales factores necesariamente se deberán ter en conta o tempo que levaría cubrir a posición ou os seus riscos, a volatilidade e a media do intervalo entre o prezo de compra e o de venda, a dispoñibilidade de cotizacións de mercado (número e identidade dos

creadores de mercado), a volatilidade e a media dos volumes negociados, as concentracións de mercado, a antigüidade das posicións, en que medida a valoración provén dun modelo e non de prezos de mercado, e o efecto doutros riscos de modelo.

14. As entidades de crédito que utilicen valoracións de terceiros ou algún dos modelos a que se refire o número 10 anterior deberán analizar a necesidade de realizar axustes de valoración. As entidades que utilicen modelos ou valoracións de terceiros deberán, así mesmo, analizar a necesidade de establecer axustes de igual natureza para as posicións menos líquidas e revisar a súa razoabilidade de forma continua.

Respecto de produtos complexos, que poden consistir, entre outros, en exposicións de titulización e derivados de crédito de enésimo incumprimento, as entidades avaliarán explicitamente a necesidade de introducir axustes de valoración para reflectir as seguintes dúas formas de risco de modelo: o risco de modelo asociado á utilización dun método de valoración que puiden ser incorrecto e o risco de modelo asociado á utilización de parámetros de calibración inobservables (e posiblemente incorrectos) no modelo de valoración.»

29. No número 15 da norma octoxésimo sexta:

a) Dáselle a seguinte redacción ao primeiro parágrafo:

«15. No caso dos derivados de crédito, as posicións dos vendedores de protección valoraranse, salvo disposición expresa en contrario, polo importe notional do contrato do derivado de crédito; aplicarase o vencemento dese contrato en lugar do vencemento da obriga de referencia, salvo nos supostos de permutas do rendemento total (TRS). Non obstante, a entidade de crédito poderá decidir substituír o dito importe notional pola diferenza entre o importe notional e calquera cambio de valor de mercado que sufrise o derivado de crédito desde a súa contratación.»

b) Modifícase a alínea e) do segundo parágrafo de acordo co seguinte texto:

«e) No caso dos derivados de crédito que cubran varias obrigas de referencia, cando a cobertura recaia sobre a obriga que incumpra no enésimo lugar, xerárase unha posición polo importe notional en cada unha das obrigas de referencia, exceptuando as “n – 1” obrigas de referencia que gocen da ponderación por risco específico máis baixa. Os requirimentos de recursos propios destas posicións creadas non superarán o máximo importe do pagamento estipulado no contrato. Cando o derivado de crédito de n-ésimo incumprimento teña unha cualificación externa, o vendedor de protección calculará a exixencia de recursos propios utilizando a cualificación do derivado e aplicando as ponderacións correspondentes por risco de titulización.»

30. Na norma octoxésimo sétima:

a) Dáselle a seguinte redacción ao primeiro parágrafo do número 11:

«11. Os requirimentos de recursos propios por risco específico en instrumentos que non sexan posicións de titulización virán determinados pola suma das posicións ponderadas, xa sexan longas ou curtas, obtidas como resultado de multiplicar as posicións netas da entidade de crédito polos coeficientes de ponderación previstos a continuación. Para estes efectos, as entidades clasificarán as súas posicións netas nalgunha das categorías previstas que se indican seguidamente, en función do tipo de emisor/debedor, cualificación crediticia externa ou interna e vencemento residual.»

b) Dáselle a seguinte redacción ao cuarto parágrafo do número 11 e engádese un novo quinto parágrafo coa seguinte redacción:

«As posicións de titulación definidas na sección cuarta do capítulo cuarto que, conforme o disposto nesa sección, se deban deducir ou ponderar ao 1.250% non poderán estar suxeitas a uns requirimentos de recursos propios por risco específico inferiores aos establecidos na dita sección. Tampouco as liñas de liquidez non cualificadas poderán estar suxeitas a uns requirimentos de recursos propios inferiores aos establecidos na sección cuarta do capítulo cuarto. Calculará a súa exigencia de capital fronte ao risco específico de posicións que son posicións de titulación de conformidade co número 20 desta norma.

Para efectos do previsto neste número e nos números 11 bis e 20 desta norma, a entidade de crédito poderá limitar o resultado da ponderación e a posición neta á perda relativa ao máximo risco posible de incumprimento. Para unha posición curta, este límite poderá calcularse como un cambio no valor debido aos subxacentes nominais que se converten inmediatamente en libres de risco por incumprimento.»

c) Introdúcense novos números 11 bis a quáter coa seguinte redacción:

«11 bis. Non obstante o disposto no número 11, unha entidade poderá determinar a maior das cantidades seguintes como a exigencia de capital por risco específico para a carteira de negociación de correlación:

- a) a exigencia total de capital por risco específico aplicable unicamente ás posicións longas netas da carteira de negociación de correlación;
- b) a exigencia total de capital por risco específico aplicable ás posicións curtas netas da carteira de negociación de correlación.

11 ter. A carteira de negociación de correlación consistirá en posicións de titulación e derivados de crédito de enésimo incumprimento que satisfagan os seguintes criterios:

- a) as posicións non son posicións de retitulación nin opcións sobre un tramo de titulación, nin ningún outro derivado de exposicións en titulación de activos que non ofrezca unha participación proporcional nos ingresos dun tramo de titulación, e que
- b) todos os instrumentos de referencia son instrumentos uninominais (single name), incluídos os derivados de crédito uninominais para os cales existe un mercado líquido activo de oferta e demanda, ou índices comunmente negociados que se baseen nestas entidades de referencia. Considerarase que existe un mercado activo de oferta e demanda cando haxa ofertas independentes e de boa fe para comprar e vender, de maneira que poidan determinarse nun día un prezo razoablemente relacionado co último prezo de venda ou cotizacións competitivas de boa fe ofrecidas e solicitadas, e liquidarse a tal prezo nun prazo relativamente curto e de conformidade cos usos e costumes do sector.

11 quáter. Non poderán formar parte da carteira de negociación de correlación as posicións relacionadas cun dos elementos seguintes:

- a) un subxacente que se poida asignar ás categorías de exposición mencionadas nas alíneas h) e i) do número 1 da norma décimo cuarta nunha carteira de investimento dunha entidade, ou
- b) un crédito sobre unha entidade con fins especiais.

Unha entidade poderá incluír na súa carteira de negociación de correlación posicións que non sexan nin posicións de titulación nin derivados de crédito de enésimo incumprimento, pero que cubran outras posicións da dita carteira, sempre

que exista un mercado líquido de oferta e demanda conforme o número 11 ter, alínea b) desta norma, para o instrumento ou os seus subxacentes.»

d) Engádesse un novo número 20 co seguinte texto:

«20. A entidade ponderará as súas posicións netas, respecto dos instrumentos na carteira de negociación que sexan posicións de titulización, calculándoas de conformidade cos números 1 e 2 da norma octoxésimo sexta do seguinte modo:

a) en relación coas posicións de titulización que estarían suxeitas ao método estándar no que atinxe ao risco de crédito na carteira de investimento da mesma entidade, o 8 % do importe da ponderación de risco conforme o método estándar de acordo coa subsección segunda da sección cuarta do capítulo cuarto desta circular;

b) en relación coas posicións de titulización que estarían suxeitas ao método baseado en cualificacións internas na carteira de investimento da mesma entidade, o 8 % do importe da ponderación de risco conforme o método baseado en cualificacións internas de acordo coa subsección segunda da sección cuarta do capítulo cuarto desta circular.

Para efectos das alíneas a) e b), o método baseado na fórmula supervisora só poderán utilizalo logo de autorización das autoridades de supervisión as entidades de crédito que non sexan entidades orixinadoras que poidan aplicalo en relación coa mesma posición de titulización da carteira de investimento. De ser o caso, as estimacións da probabilidade de incumprimento (PD) e perda en caso de incumprimento (LGD), para o seu emprego no método da fórmula supervisora, faranse de conformidade co previsto na sección segunda desta circular ou, logo de autorización expresa do Banco de España, baseándose en cálculos derivados dun método que se axuste ao especificado no número 1 da norma nonaxésimo terceira bis, e que se axuste aos criterios cuantitativos do método baseado en cualificacións internas.

Non obstante o disposto nas alíneas a) e b), en relación coas posicións de titulización que estarían suxeitas a unha ponderación de risco de conformidade coa norma sexaxésimo cuarta bis se pertenceren ás carteiras de investimento das mesmas entidades, aplicarase o 8 % do importe da ponderación de risco conforme a dita norma.

A entidade calculará a exigencia de capital fronte ao risco específico sumando as posicións ponderadas que deriven da aplicación deste número, con independencia de que estas sexan longas ou curtas.»

31. O número 4 da norma octoxésimo oitava modifícase de acordo coa seguinte redacción:

«4. Os requirimentos de recursos propios por risco específico das posicións en accións e participacións calcularanse multiplicando a posición global bruta polo 8%.»

32. Na norma nonaxésimo terceira:

a) Dáselles a seguinte redacción ás alíneas c) e e) do número 4:

«c) Horizonte temporal de dez días (as entidades poderán utilizar importes de valor en risco calculados de acordo con períodos de tenza máis curtos, ampliados ata 10 días, por exemplo, mediante a raíz cadrada do tempo. A entidade que utilice ese enfoque deberá xustificar periodicamente ao Banco de España o carácter razoable do seu enfoque).

e) Actualización mensual de datos.»

b) Dáselle a seguinte redacción ao primeiro parágrafo do número 5:

«5. O modelo para calcular o risco deberá ter en conta un número suficiente de factores de risco, en función do volume de actividade da entidade de crédito nos mercados respectivos. Cando un factor de risco se incorpore ao modelo de fixación de prezos da entidade, pero non ao modelo de cálculo do risco, a entidade deberá poder xustificar esta omisión á satisfacción do Banco de España. Ademais, o modelo de cálculo do risco deberá reflectir as non linealidades en relación coas opcións e demais produtos, así como o risco de correlación e o risco de base. No suposto de que se utilicen aproximacións para os factores de risco (proxies), deberá terse demostrado a validez de tales aproximacións no que respecta á posición real mantida. Así mesmo, o modelo, como mínimo, deberá cumprir os seguintes requisitos:»

c) Dáselle a seguinte redacción ao número 6:

«6. Para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de prezo específico das posicións en instrumentos sobre valores de renda fixa e accións negociadas ou que teñan estes como activo subxacente, os modelos internos utilizados polas entidades de crédito deberán satisfacer, ademais, os seguintes requisitos:

a) Que permitan explicar suficientemente a variación histórica dos prezos na carteira.

b) Que capturen o risco de concentración en termos de magnitude e cambios de composición da carteira.

c) Que sexan robustos ante condicións adversas de mercado.

d) Que sexan validados mediante probas retrospectivas co fin de valorar se o risco específico se reflecte correctamente. Se as ditas probas se efectúan sobre a base de subcarteiras significativas, estas deberán elixirse de forma coherente.

e) Que capturen o risco de base relacionado cunha contraparte e, en concreto, que sexan sensibles a diferenzas idiosincrásicas importantes entre posicións similares pero non idénticas.

f) Que incorporen o risco de evento, entendido como o risco de sucesos de baixa probabilidade pero de gran severidade.

O modelo interno da entidade avaliará de forma prudente o risco de liquidez debido a posicións menos líquidas ou posicións con transparencia de prezos limitada en situacións de mercado realistas. As aproximacións serán debidamente prudentes e só se poderán utilizar cando os datos dispoñibles sexan insuficientes ou non reflectan a verdadeira volatilidade dunha posición ou carteira.

Una entidade poderá excluír do cálculo da súa exixencia de capital fronte ao risco específico realizado mediante un modelo interno aquelas posicións en titulizacións ou en derivados de crédito de n-ésimo incumprimento para as cales xa satisfaga unha exixencia de capital por riscos de posición conforme a subsección primeira desta sección, coa excepción das posicións que están suxeitas ao método establecido no número 12 da norma nonaxésimo terceira bis.

Non se lle exixirá a unha entidade que reflecta o risco de incumprimento e migración para instrumentos de débeda negociable no seu modelo VaR, dado que estes riscos están xa reflectidos a través da carga por risco incremental desenvolvida conforme os requisitos establecidos nos números 1 a 11 da norma nonaxésimo terceira bis.

A entidade deberá realizar, ademais, un seguimento da evolución das técnicas e boas prácticas, e actualizar o seu modelo en consecuencia.»

d) O número 7 recibe a seguinte redacción:

«7. A entidade de crédito contará cun método interno que reflecta, no cálculo dos requirimentos de recursos propios, o risco de incumprimento para as súas

posicións na carteira de negociación que sexa incremental ao risco de incumprimento reflectido polo cálculo do VaR.

A entidade demostrará que o seu método se atén a uns criterios de solidez comparables ao método establecido na sección segunda do capítulo cuarto sobre risco de crédito, partindo da hipótese dun nivel constante de risco, e axustado cando sexa conveniente para reflectir o impacto de liquidez, concentracións, cobertura e opcionalidade.»

33. Introdúcese unha nova norma nonaxésimo terceira bis coa seguinte redacción:

«Norma nonaxésimo terceira. *Riscos incrementais.*

1. As entidades suxeitas ao establecido no número 6 da norma nonaxésimo terceira en conexión cos instrumentos de débeda negociable disporán dun método que lles permita reflectir, no cálculo dos seus requisitos de capital, os riscos de incumprimento e de migración das posicións da súa carteira de negociación incrementais con respecto aos riscos que se desprendan da avaliación do valor en risco segundo se especifica no dito número. As entidades deberán demostrar que o seu método se atén a criterios de solidez comparables aos do método establecido na sección segunda do capítulo cuarto desta circular, partindo da hipótese dun nivel constante de risco, e efectuando un axuste cando sexa conveniente para reflectir o impacto da liquidez, as concentracións, a cobertura e a opcionalidade.

Ámbito de aplicación.

2. O método destinado a reflectir os riscos de incumprimento e de migración incrementais aplicarase a todas as posicións suxeitas a exixencia de capital por risco específico de tipo de xuro, pero non ás posicións de titulización e derivados de crédito de enésimo incumprimento. Logo de autorización do Banco de España, a entidade poderá incluír sistematicamente todas as posicións en renda variable cotizada e todas as posicións en derivados que se baseen en renda variable cotizada, sempre e cando tal inclusión resulte coherente coa forma interna en que a entidade calcula e xestiona o risco. O dito método reflectirá os efectos das correlacións entre os eventos de incumprimento e os eventos de migración. Non reflectirá, no entanto, os efectos da diversificación entre os eventos de incumprimento e de migración, por un lado, e outros factores de risco de mercado, por outro.

Parámetros.

3. O método utilizado para reflectir os riscos incrementais deberá permitir calcular as perdas por incumprimento e migración das cualificacións internas ou externas cun intervalo de confianza do 99,9% e un horizonte de capital dun ano.

As hipóteses de correlación sustentaranse na análise de datos obxectivos nun contexto conceptualmente sólido. O método utilizado para determinar os riscos incrementais deberá reflectir adecuadamente as concentracións de emisores. Deberán quedar reflectidas tamén as concentracións que poidan xurdir nunha mesma clase de produto e entre varias clases de produtos en condicións extremas. O método basearase na hipótese dun nivel constante de risco durante o horizonte de capital dun ano, de tal modo que certas posicións ou conxuntos de posicións da carteira de negociación que rexistrasen incumprimento ou migración durante o seu horizonte de liquidez se reequilibren ao finalizar o dito horizonte de liquidez e se sitúen no nivel de risco inicial. A entidade pode optar tamén por utilizar sistematicamente unha hipótese de posición constante durante un ano.

4. O horizonte de liquidez fixarase en función do tempo necesario para vender a posición ou dar cobertura a todos os riscos de prezo importantes nun mercado en situación extrema, prestando especial atención ao volume da posición. O horizonte

de liquidez reflectirá a práctica e a experiencia reais durante períodos de situación extrema tanto sistemática como idiosincrásica. Determinarase a partir de hipóteses prudentes e será suficientemente longo, de modo que o acto de vender ou dar cobertura, en si mesmo, non afecte significativamente o prezo a que se executen a venda ou a cobertura.

O horizonte de liquidez apropiado para unha posición ou conxunto de posicións non poderá ser inferior a tres meses.

Ao determinar o horizonte de liquidez apropiado dunha posición ou conxunto de posicións deberase ter en conta a política interna que aplica a entidade en relación cos axustes de valoración e a xestión de posicións antigas. Cando unha entidade determine os horizontes de liquidez para conxuntos de posicións, en lugar de para posicións individuais, os criterios para definir os ditos conxuntos de posicións estableceranse de modo que reflectan as diferenzas de liquidez de forma significativa. Os horizontes de liquidez incrementaranse coa concentración das posicións. O horizonte de liquidez dun “almacén” (warehouse) de titulizacións reflectirá o tempo necesario para crear, vender e titular os activos, ou para cubrir os factores de risco importante nas condicións dun mercado en situación extrema.

5. O método seguido por unha entidade para reflectir os riscos de incumprimento e de migración incrementais poderá ter en conta as coberturas. Non obstante, as posicións só se poderán compensar se as posicións longas e curtas se refiren a un mesmo instrumento financeiro. Os efectos das coberturas ou da diversificación asociados a posicións longas e curtas en diversos instrumentos ou diferentes valores dun mesmo debedor, así como a posicións longas e curtas en valores de distintos emisores, só se poderán recoñecer de se aplicaren modelos explícitos ás posicións longas e curtas brutas nos diferentes instrumentos. As entidades determinarán os efectos dos riscos importantes que poidan xurdir no intervalo de tempo entre o vencemento da cobertura e o horizonte de liquidez, así como as probabilidades de que as estratexias de cobertura comporten riscos de base significativos, por produto, grao de prelación dentro da estrutura de capital, cualificacións internas ou externas, vencemento, antigüidade e outras diferenzas dos instrumentos. As entidades reflectirán unha cobertura só se esta se pode manter aínda que o debedor estea próximo a incorrer nun evento de crédito ou doutro tipo.

Nas posicións da carteira de negociación cubertas mediante estratexias de cobertura dinámicas, o reequilibrado da cobertura dentro do horizonte de liquidez da posición cuberta poderase recoñecer sempre e cando a entidade:

- i) opte por modelizar o reequilibrado sistematicamente para a totalidade do conxunto pertinente de posicións da carteira de negociación;
- ii) demostre que ter en conta o reequilibrado da cobertura redonda nunha mellor avaliación do risco, e
- iii) demostre que os mercados dos instrumentos que serven de cobertura son suficientemente líquidos como para permitir ese reequilibrado incluso en períodos de situación extrema. A existencia de capital reflectirá todo posible risco residual que derive de estratexias de cobertura dinámicas.

6. O método utilizado para reflectir os riscos de incumprimento e de migración incrementais deberá recoller a non linealidade das opcións, os derivados de crédito estruturados e outras posicións cuxa desviación do comportamento lineal en función das variacións dos prezos non sexa desprezable. A entidade avaliará a magnitude do risco de modelo inherente á valoración e estimación dos riscos de prezos asociados con tales produtos.

7. O método utilizado para determinar os riscos de incumprimento e de migración incrementais basearase en datos obxectivos e actualizados.

Validación.

8. Dentro da análise independente do seu sistema de avaliación de riscos e da validación dos seus modelos internos, segundo se establece na subsección terceira, e en particular en relación co método de determinación dos riscos de incumprimento e de migración incrementais, as entidades:

i) verificarán que os modelos que aplican ás correlacións e ás variacións de prezos son adecuados para a súa carteira, incluídos os factores de risco sistemático elixidos e as súas ponderacións;

ii) realizarán unha serie de simulacións de casos extremos, como unha análise de sensibilidade e de escenario, para avaliar a racionalidade cualitativa e cuantitativa do método, en particular polo que atinxe ao risco de concentracións. Estas simulacións non se limitarán ás series de feitos históricos;

iii) efectuarán unha adecuada validación cuantitativa aplicando os pertinentes parámetros aos seus modelos internos.

O método de determinación dos riscos incrementais debe ser compatible cos métodos internos de xestión do risco utilizados pola entidade para determinar, avaliar e xestionar os riscos da carteira de negociación.

Documentación.

9. As entidades documentarán o método que empreguen para reflectir os riscos de incumprimento e de migración incrementais, de modo que as súas hipóteses de correlación e demais hipóteses de modelización resulten transparentes para a súa verificación polo Banco de España.

Métodos internos baseados en parámetros diferentes.

10. Se a entidade emprega un método para reflectir os riscos de incumprimento e de migración incrementais que non se atén a todos os requisitos establecidos na presente norma, pero que é coherente coa metodoloxía interna da entidade para detectar, calcular e xestionar os riscos, deberá poder demostrar que o método empregado por ela xera unha exixencia de capital, como mínimo, igual de elevada que se estivese baseada nun método totalmente conforme cos requisitos da presente norma. O Banco de España controlará que se cumpra o disposto neste número polo menos unha vez ao ano.

Periodicidade do cálculo.

11. As entidades realizarán os cálculos necesarios conforme o método que elixisen para reflectir o risco incremental polo menos semanalmente.

12. O Banco de España recoñecerá a utilización dun método interno para o cálculo dunha exixencia de capital adicional que cubra todos os riscos (*all price risk*) das posicións que a entidade manteña na carteira de negociación de correlación (*correlation trading*) en lugar de aplicar a exixencia de capital conforme o número 11 bis da norma octoxésimo sétima, sempre e cando se reúnan todas as condicións enumeradas na presente norma.

O dito método interno reflectirá adecuadamente todos os riscos de prezo cun intervalo de confianza do 99,9 % nun horizonte de capital dun ano, partindo da hipótese dun nivel constante de risco, e axustarase segundo proceda para reflectir o impacto da liquidez, as concentracións, a cobertura e a opcionalidade. As entidades poderán incorporar ao método mencionado na presente norma calquera posición que sexa xestionada conxuntamente coas posicións da carteira de negociación de correlación; en tal caso poderán excluír as posicións do método establecido no número 1 da norma nonaxésimo terceira bis.

O importe desta exigencia de capital para todos os riscos de prezo non será inferior ao 8 % da exigencia de capital que resultaría do cálculo efectuado conforme o número 11 bis da norma octoxésimo sétima para todas as posicións incorporadas na exigencia para todos os riscos de prezo.

En particular, deberán reflectirse convenientemente os riscos seguintes:

- a) o risco acumulado derivado de múltiples incumprimentos, incluída a súa ordenación, nos produtos por tramos;
- b) o risco de diferencial de crédito, incluídos os efectos *gamma* e *cross-gamma*;
- c) a volatilidade das correlacións implícitas, incluídos os efectos recíprocos entre diferenciais e correlacións;
- d) risco de base, incluídas:
 - i) a base entre o diferencial dun índice e os dos seus constituíntes uninominais, e
 - ii) a base entre a correlación implícita dun índice e a das carteiras de negociación singulares;
- e) a volatilidade do índice de recuperación, xa que está relacionada coa propensión dos índices de recuperación a afectar os prezos por tramos, e
- f) na medida en que a medición do risco global incorpora as vantaxes da cobertura dinámica, o risco de desprazamento de coberturas e os custos que suporía o reequilibrio das ditas coberturas.

Para efectos deste número, cada entidade deberá dispor de suficientes datos de mercado para asegurarse de que o seu método interno reflicte plenamente os riscos significativos destas exposicións, de conformidade cos criterios establecidos na presente norma, así como demostrar mediante probas retrospectivas ou outro medio apropiado que as súas medicións do risco poden explicar adecuadamente a variación histórica de prezos destes produtos, e garantir que pode separar as posicións para as cales dispón de autorización, co fin de incorporalas na exigencia de capital conforme esta NORMA, daquelas para as cales non dispón de autorización.

Polo que respecta ás carteiras de negociación cubertas pola presente norma, a entidade aplicará regularmente unha serie de hipóteses de situación extrema específicas e predeterminadas, que serán fixadas polo Banco de España e avaliarán os efectos do caso extremo nos índices de incumprimento, os índices de recuperación, as marxes de crédito e as correlacións en probabilidade e perda da mesa de negociación de correlación. A entidade aplicará estas hipóteses de situación extrema polo menos semanalmente e dará información dos resultados ao Banco de España polo menos cada trimestre, incluíndo comparacións coa exigencia de capital da entidade conforme esta norma. Sempre que as hipóteses de situación extrema indiquen unha deficiencia material desta exigencia de capital, deberá notificarse ao Banco de España. Sobre a base dos resultados destas hipóteses, o Banco de España poderá establecer unha exigencia de capital suplementaria en relación coa carteira de negociación de correlación conforme o número 5 da norma cuarta.

As entidades calcularán a exigencia de capital de maneira que se reflectan todos os riscos de prezo polo menos unha vez á semana.»

34. Na norma nonaxésimo cuarta:

a) O número 1 modifícase de acordo co seguinte texto:

«1. Cada entidade estará suxeita diariamente a unha exigencia de capital equivalente á suma das alíneas a) e b) seguintes. Ademais, a entidade que utilice un modelo interno para calcular a exigencia de capital para un risco de posición

específico estará suxeita a unha exigencia de capital equivalente á suma das alíneas c) e d):

a) o maior dos dous importes seguintes:

i) o valor en risco do día anterior, calculado conforme o número 4 da norma nonaxésimo terceira (VaR_{t-1}), e

ii) unha media das valoracións diarias do valor en risco, conforme o número 4, durante os sesenta días hábiles anteriores (VaR_{avg}), multiplicada polo factor de multiplicación (m_c);

b) o maior dos dous importes seguintes:

i) o valor en risco en situación extrema máis recente dispoñible conforme o número 4 (sVa_{Rt-1}), e

ii) unha media dos valores en risco en situación extrema (*stressed VaR*), calculados na forma e coa periodicidade especificadas no número 4, durante os sesenta días hábiles anteriores ($sVaR_{avg}$), multiplicada polo factor de multiplicación (m_s);

c) unha exigencia de capital calculada conforme a subsección primeira desta sección para os riscos de posición das posicións de titulización e os derivados de crédito de enésimo incumprimento da carteira de negociación, excepto os que estean incorporados na exigencia de capital conforme o número 12 da norma nonaxésimo terceira bis;

d) a valoración máis recente ou, se for máis elevada, a valoración media durante doce semanas dos riscos de incumprimento e de migración incrementais da entidade, conforme o previsto no número 1 da norma nonaxésimo terceira bis, e, cando proceda, a valoración máis recente ou, se for máis elevada, a valoración media durante doce semanas de todos os riscos de prezo conforme o número 12 da norma nonaxésimo terceira bis.

Para efectos das alíneas a) e b) anteriores, os resultados do cálculo que efectúe a propia entidade multiplicaranse por factores (m_c) e (m_s). Estes factores serán, como mínimo, de 3.»

b) O primeiro parágrafo do número 2 substitúese polo seguinte texto:

«2. Para efectos do número 1, alíneas a) e b), os factores de multiplicación (m_c) e (m_s) aumentarase cun factor adicional comprendido entre 0 e 1, segundo o establecido no cadro 5 do número anterior, en función do número de excesos durante os últimos 250 días hábiles que poña de manifesto a proba retrospectiva do cálculo do valor en risco realizado pola entidade, conforme o previsto no número 4 da norma nonaxésimo terceira. As entidades deberán calcular os excesos de forma coherente sobre a base das probas retrospectivas sobre cambios hipotéticos e reais do valor da carteira. Para estes efectos, por exceso entenderase o cambio nun día do valor da carteira que supere o cálculo do correspondente valor en risco dun día xerado polo modelo da entidade. Co fin de determinar o factor adicional, avaliarase o número de excesos trimestralmente, polo menos, e este será igual ao número máis elevado de excesos en virtude dos cambios hipotéticos e reais no valor da carteira.»

c) Engádense dous novos números 4 e 5 coa seguinte redacción:

«4. Con carácter adicional, cada entidade calculará un “valor en risco en situación extrema” baseándose no cálculo do valor en risco, a dez días e cun intervalo de confianza dunha cola do 99%, da carteira actual, e integrando no modelo de valor en risco datos históricos correspondentes a un período ininterrompido de 12 meses de situación financeira extrema (“período estresado”)

que resulten relevantes para a carteira da entidade. A elección deses datos históricos estará suxeita á aprobación do Banco de España e deberá ser controlada polo menos anualmente pola entidade. As entidades deberán calcular o valor en risco en situación extrema polo menos semanalmente.

5. As entidades realizarán tamén probas de solvencia inversas.»

35. Na norma centésimo primeira:

a) Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 da seguinte maneira:

«1. Os riscos mantidos cunha mesma persoa, física ou xurídica ou grupo económico, incluso o propio na parte non consolidable, calculados de acordo co previsto na norma centésimo segunda, consideraranse grandes riscos cando o seu valor supere o 10% dos recursos propios da entidade de crédito.»

b) Os números 2 e 3 modifícanse de acordo co seguinte texto e suprímese o número 4:

«2. O valor de todos os riscos que unha entidade de crédito contraia cunha mesma persoa, entidade ou grupo económico, incluso o propio na parte non consolidable, non poderá exceder o 25% dos seus recursos propios.

3. Cando ese cliente sexa unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento, ou cando o grupo económico inclúa unha ou varias entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento, o dito valor non superará o 25 % dos recursos propios da entidade de crédito ou 150 millóns de euros, se esta contía for máis elevada, sempre que a suma dos valores das exposicións fronte a todos os clientes do grupo económico que non sexan entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento, despois de ter en conta o efecto da redución do risco de crédito de conformidade coa sección terceira do capítulo cuarto, non supere o 25% dos recursos propios da entidade de crédito.

Cando o importe de 150 millóns de euros sexa superior ao 25% dos recursos propios da entidade de crédito, esta, de acordo coas políticas e procedementos para xestionar e controlar o risco de concentración, deberá establecer un límite razoable, en termos dos seus recursos propios, ao valor da exposición, despois de ter en conta o efecto da redución do risco de crédito de conformidade coa sección terceira do capítulo cuarto. Este límite non será superior ao 100% dos recursos propios da entidade de crédito.»

36. Na norma centésimo segunda:

a) Dáselle a seguinte redacción á alínea b) do número 6 e engádense dúas novas alíneas c) e d):

«b) Cando a totalidade do risco non poida ser atribuída segundo o disposto na alínea precedente, este considerarase mantido fronte ao vehículo de titulización, sempre que:

i) a entidade poida demostrar que os riscos subxacentes na titulización non están interrelacionados, de acordo coas regras previstas nos números anteriores desta norma, con calquera outro risco, directo ou indirecto, da entidade, incluídas outras posicións de titulización e exposicións fronte a institucións de investimento colectivo, que sexa superior ao 2% dos recursos propios da “entidade», calculados de acordo coa norma sétima desta circular, e

ii) ningún dos riscos subxacentes da titulización represente máis do 5% do total da dita titulización.

c) Cando a entidade de crédito coñeza só parte dos riscos subxacentes nunha titulización, atribuirá os ditos riscos segundo o disposto na alínea a) anterior,

á vez que recoñecerá un risco mantido fronte ao vehículo de titulización pola parte dos riscos subxacentes que descoñece conforme o disposto na alínea b).

d) Os riscos subxacentes de calquera titulización que non sexan tratados conforme as alíneas a), b) e c) anteriores serán agregados e considerados como unha única exposición á cal serán de aplicación os límites establecidos na norma centésimo primeira desta circular.»

b) Dáselle a seguinte redacción ao número 7:

«7. No cálculo e agregación dos riscos conforme o disposto no número 5 desta norma, cando a entidade de crédito teña unha exposición fronte a unha institución de investimento colectivo que invista en exposicións de renda fixa ou variable con empresas, considerarase que mantén, na proporción correspondente, un risco fronte a cada unha das contrapartes da institución de investimento colectivo, sempre que non existan impedimentos prácticos relevantes para levar a cabo a dita substitución. No caso de que a entidade aprecie que existen os ditos impedimentos, aplicaranse, mutatis mutandis, os criterios establecidos nas alíneas b), c) e d) do número 6 precedente para as posicións de titulización.»

c) Engádense os novos números 8 e 9 coa seguinte redacción:

«8. As “entidades” analizarán as súas exposicións fronte aos emisores de valores recibidos en garantía, obrigados por garantía persoal, e aos activos subxacentes mencionados nos números 6 e 7 desta norma, para determinar posibles concentracións e, de ser o caso, adoptar as medidas necesarias para non superar os límites establecidos nos números 2 e 3 da norma centésimo primeira, e notificaranllos ao Banco de España conforme o establecido na norma centésimo vixésimo segunda.

9. Os riscos recollidos nos números anteriores non incluírán:

a) Os riscos contraídos na liquidación normal das operacións de cambio de divisas, durante os dous días hábiles seguintes ao da realización da operación.

b) Os riscos contraídos na liquidación normal, dentro de mercados financeiros organizados, das operacións de compravenda de valores, durante os cinco días laborables seguintes á data de pagamento, ou á entrega dos valores, se esta for anterior.

c) No caso de operacións de pagamento coa clientela, incluída a execución de servizos de pagamento, compensación e liquidación en calquera divisa e correspondencia bancaria, ou servizos de compensación, liquidación e custodia de instrumentos financeiros á clientela, os riscos contraídos pola recepción con atraso de fondos e outras exposicións derivadas da actividade coa clientela, tales como pagamentos por xuros, dividendos, amortizacións, que non se prolonguen máis alá do seguinte día hábil.

d) Respecto ás operacións de pagamento, incluída a execución de servizos de pagamento, compensación e liquidación en calquera divisa e correspondencia bancaria, as exposicións intradía fronte ás entidades que faciliten eses servizos.

e) As exposicións da carteira de negociación fronte a cámaras de compensación e mercados financeiros organizados que non se prolonguen máis alá do seguinte día hábil.

No caso dos riscos mencionados nas alíneas c) e d), as entidades deberán dispor de procedementos e mecanismos de control adecuados para garantir que se cumpren os requisitos relativos ao tipo de servizos de que proveñen os riscos, que estes derivan de operacións coa clientela, e non de operacións por conta propia, e que son riscos a moi curto prazo fronte a provedores especializados dos ditos servizos. As entidades deberán poder demostrar en calquera momento ao Banco de España que se cumpren os requisitos exixidos para a non inclusión dos ditos riscos.»

37. Introdúcese unha nova norma centésimo segunda bis coa seguinte redacción:

«Norma centésimo segunda bis. *Valor da exposición en caso de uso do método baseado en cualificacións internas.*

1. Á hora de calcular o valor das exposicións para efectos dos números 2 e 3 da norma centésimo primeira, as entidades de crédito poderán utilizar o “valor de exposición completamente axustado” calculado conforme o previsto na sección terceira desta circular, tomando en consideración a redución do risco de crédito, os axustes de volatilidade e calquera desfase de vencemento (E*).

2. As entidades de crédito que contén con autorización para utilizar estimacións propias de LGD e dos factores de conversión para unha categoría de exposicións conforme o método baseado en cualificacións internas, ao calcular o valor das exposicións aos fins dos números 2 e 3 da norma centésimo primeira, poderán recoñecer os efectos das garantías reais de natureza financeira nas súas exposicións, cando poidan calcular os ditos efectos con independencia doutros aspectos pertinentes para LGD á satisfacción do Banco de España e logo de autorización.

Para conceder a dita autorización, o Banco de España deberá quedar satisfeito coa adecuación das estimacións facilitadas pola entidade de crédito para o seu uso con vistas á redución do valor de exposición para efectos do cumprimento dos números 2 e 3 da norma centésimo primeira.

Concedida a autorización, a entidade de crédito que utilice as súas estimacións propias dos efectos da garantía financeira deberá facelo de maneira coherente co enfoque adoptado no cálculo dos requisitos de capital.

As entidades de crédito autorizadas a utilizar estimacións propias de LGD e dos factores de conversión para unha categoría de exposicións conforme o método baseado en cualificacións internas e que non calculen o valor das súas exposicións mediante o método recollido no parágrafo primeiro deste número poderán aplicar o método amplo para as garantías reais de natureza financeira ou o enfoque previsto no número 2 da norma centésimo terceira, á hora de calcular o valor das exposicións.

3. Toda entidade de crédito que aplique o método amplo para as garantías reais de natureza financeira ou á cal se lle permita empregar o método recollido no número 3 desta norma para calcular o valor das exposicións para efectos dos números 2 e 3 da norma centésimo primeira levará a cabo simulacións de situacións extremas periódicas das súas concentracións de riscos de crédito, especialmente en relación co valor realizable de calquera garantía real aceptada.

As ditas simulacións de situacións extremas periódicas atenderán aos riscos derivados de cambios potenciais das condicións de mercado que poidan afectar desfavorablemente a adecuación de fondos propios das entidades de crédito e os riscos derivados da realización da garantía real en situacións extremas.

A entidade de crédito demostrará ás autoridades competentes que as simulacións de probas extremas efectuadas son as adecuadas para avaliar os ditos riscos.

En caso de que tal simulación de situacións extremas indique un valor realizable da garantía real aceptada inferior ao que se permitiría ter en conta aplicando o método amplo para as garantías reais de natureza financeira ou o método recollido no número 3 desta norma, segundo proceda, reducirase correspondentemente o valor da garantía real que se permite recoñecer para calcular o valor das exposicións para efectos dos números 2 e 3 da norma centésimo primeira.

As entidades de crédito interesadas incluírán os seguintes aspectos nas súas estratexias co fin de xestionar o risco de concentración:

a) políticas e procedementos co fin de xestionar riscos derivados do desfase de vencemento entre exposicións e calquera cobertura do risco de crédito sobre tales exposicións;

b) políticas e procedementos no caso de que unha simulación de situación extrema indique un valor realizable da garantía real inferior ao tido en conta ao aplicar o método amplo para as garantías reais de natureza financeira ou o método recollido no número 2, así como

c) políticas e procedementos relativos ao risco de concentración derivado da aplicación de técnicas de redución do risco de crédito e, en particular, dos grandes riscos indirectos (por exemplo, fronte a un único emisor de valores aceptados como garantía real).»

38. Na norma centésimo terceira:

a) Modifícase a frase introdutoria do número 1 de acordo coa seguinte redacción:

«1. Para efectos dos límites establecidos nos números 2 e 3 da norma centésimo primeira, teranse en conta as seguintes excepcións:»

b) Dáselle a seguinte redacción á alínea e) do número 1 e suprímense as alíneas f), g), l) e m), todo iso na parte I:

«e) Os riscos fronte ás administracións rexionais e locais dos Estados membros da Unión Europea que, sen garantía, recibirían unha ponderación de risco do 0% conforme a norma décimo sexta e os expresamente garantidos por elas.»

c) Dáselles a seguinte redacción ás alíneas o), p) e q) da parte I do número 1):

«o) As exposicións derivadas de facilidades de descuberto non utilizadas que se clasifiquen como elementos das contas de orde de risco baixo mencionadas na norma décimo sétima, sempre que se pactase co cliente ou grupo de clientes vinculados entre si que unicamente se poderá facer uso das facilidades cando se comprobase que iso non levaría a que se exceda o límite establecido no número 2 da norma centésimo primeira ou se o límite do descuberto impide por si mesmo tal posibilidade.

p) Os créditos sobre bancos centrais derivados da constitución do coeficiente de reservas mínimas exixido, denominados na súa moeda local.

q) Os valores emitidos por administracións centrais utilizados para a cobertura de coeficientes legais de liquidez, denominados e financiados na súa moeda nacional, sempre que a cualificación crediticia da Administración central externa efectuada por unha ECAI designada, tal e como se define na norma vixésimo primeira, permita unha ponderación de risco do 0% conforme a norma décimo sexta.»

d) Na parte II do número 1 Dáselles a seguinte redacción ás alíneas b) e c):

«b) Os riscos fronte a institucións, sempre que non sexan elementos computables como recursos propios das ditas institucións, non se prolonguen máis alá do seguinte día hábil e non estean denominados nunha das principais moedas comerciais.

c) Os créditos documentarios, emitidos ou confirmados, en que o embarque da mercadoría actúe como garantía da operación e as facilidades de crédito non utilizadas que se inclúan nas contas de orde con risco medio/baixo mencionadas na norma décimo sétima.»

e) O número 2 substitúese polo seguinte texto:

«2. Cando os riscos ou unha parte deles estea suficientemente asegurada mediante peñor de valores, a entidade de crédito poderá atribuír ao seu emisor a parte dos riscos que estea cuberta polo valor de mercado dos valores dados en garantía, sempre que á parte da exposición que goce da cobertura lle corresponda

unha ponderación de risco igual ou inferior á que corresponde á exposición non garantida fronte ao cliente de acordo co capítulo cuarto desta circular.

A atribución poderase realizar na parte que o risco vivo sexa igual ou inferior ao 90% do valor efectivo dos valores dados en garantía e sempre que estes non constitúan elementos computables como recursos propios de entidades financeiras.

A entidade de crédito non poderá realizar a dita atribución no caso de que exista un desfase entre o vencemento da exposición e o vencemento da cobertura do risco de crédito.

As entidades de crédito poderán aplicar tanto o método amplo para as garantías reais de natureza financeira como o previsto neste número unicamente no caso de que, para os efectos da determinación dos requirimentos de recursos propios por risco de crédito e dilución, conforme a alínea a) do número 1 da norma cuarta, poidan utilizar tanto o método amplo como o método simple para as garantías reais de natureza financeira.»

f) No número 3 engádense os seguintes parágrafos:

«Non obstante, as entidades de crédito non poderán ter en conta as garantías reais referidas nos números 13 a 17 da norma trixésimo novena.

Nos créditos garantidos por dereitos reais sobre inmobles residenciais terminados, participacións hipotecarias sobre tales créditos, que reúnan as condicións exixidas polo número 3 do artigo 62 do Real decreto 685/1982, do 17 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, e os riscos derivados de operacións de arrendamento financeiro en virtude das cales a entidade manteña a plena propiedade do inmovible alugado mentres o arrendatario non exercese a súa opción de compra, a “entidade» poderá reducir a exposición ata no 50% do valor do correspondente inmovible que fose tido en conta para os efectos do cálculo dos activos ponderados por risco de crédito, segundo o disposto no capítulo cuarto.

Así mesmo, nos créditos garantidos por dereitos reais sobre inmobles comerciais terminados, arrendados e con rendas de alugamento adecuadas, aos que lles corresponda unha ponderación do 50% conforme o disposto no capítulo cuarto, participacións hipotecarias sobre tales créditos, que reúnan as condicións exixidas polo número 3 do artigo 62 do Real decreto 685/1982, do 17 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, e os riscos derivados de operacións de arrendamento financeiro en virtude das cales a entidade manteña a plena propiedade do inmovible alugado mentres o arrendatario non exercese a súa opción de compra, as “entidades” poderán reducir a exposición ata no 50% do valor do correspondente inmovible que fose tido en conta para os efectos do cálculo dos activos ponderados por risco de crédito, segundo o disposto no capítulo cuarto.»

g) A frase introdutoria do número 4 redáctase como segue:

«4. Non se tomarán en conta, para efectos dos límites establecidos nos números 2 e 3 da norma centésimo primeira, sempre que se deduzan dos recursos propios computables, de acordo co indicado na alínea k) do número 1 da norma novena:»

39. Introdúcese unha nova alínea d) no número 1 da norma centésimo cuarta:

«d) Se a unha exposición non garantida fronte ao garante lle corresponder unha ponderación de risco igual ou inferior á que lle corresponda a unha exposición non garantida fronte ao cliente de acordo co capítulo cuarto desta circular.»

40. Na norma centésimo quinta:

a) Engádense un cuarto guión no número 1 coa seguinte redacción:

«– Políticas e prácticas de remuneración coherentes coa promoción dunha xestión do risco sólida e efectiva». As ditas políticas e prácticas ateranse ao

disposto no capítulo XIII do título I do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras.»

b) O primeiro guión do número iii) da alínea d) do número 2 redáctase como segue:

«– Estableceranse por escrito e aplicaranse políticas e procedementos adecuados para avaliar e controlar os riscos derivados das operacións de titulización, incluídos os riscos de reputación como os que se producen en relación coas estruturas ou produtos complexos, en que a entidade de crédito actúe como investidora, orixinadora ou patrocinadora. Estas políticas e procedementos deberán permitir ás entidades de crédito determinar o grao de transferencia do risco e asegurarse de que o contido económico da operación quede plenamente reflectido nas decisións de avaliación e xestión do risco. Así mesmo, as entidades valorarán o feito de que do resultado de sucesivos programas de titulizacións resulte que soamente permanecen no balance os activos de menor calidade ou rendibilidade.»

c) O número vii) da alínea d) do número 2 queda redactado do seguinte modo:

«– Estableceranse por escrito e aplicaranse estratexias, políticas, procedementos e sistemas sólidos para a identificación, medición, xestión e seguimento do risco de liquidez sobre un conxunto adecuado de horizontes temporais, incluído o intradía, con obxecto de garantir, entre outros obxectivos, que as entidades manteñan un “colchón” de liquidez apropiado. As ditas estratexias, políticas, procedementos e sistemas deberán adecuarse ás liñas de negocio, divisas, sucursais e entidades que integren o grupo e incluírán mecanismos apropiados de asignación dos custos de liquidez, os beneficios e os riscos.

– As estratexias, políticas, procedementos e sistemas establecidos deberán ser proporcionados á complexidade, ao perfil de risco e ao tipo de negocio da entidade de crédito, e co nivel de tolerancia ao risco fixado polo seu órgano de dirección, e reflectir a importancia da entidade de crédito nos países onde exerza a súa actividade. As entidades de crédito deberán comunicar a tolerancia ao risco a todas as liñas de negocio.

– As metodoloxías desenvolvidas para a identificación, medición, xestión e seguimento das posicións de financiamento englobarán os fluxos de tesouraría, actuais e previstos, derivados de activos, pasivos e partidas das contas de orde, incluídos os pasivos continxentes e a posible incidencia do risco de reputación.

– En particular, as entidades establecerán un procedemento interno adecuado para dispor de información, individual e consolidada, suficiente para valorar a súa posición de liquidez a curto, medio e longo prazo, incluíndo a clasificación de todos os activos e pasivos por prazos de vencemento, os efectos sobre a posición de liquidez dos compromisos, produtos derivados e demais posicións de fóra de balance e as características da súa estrutura de financiamento en función dos mercados.

– Os procedementos internos deberán ser capaces de proporcionar información que lle permita á entidade asignar distintos niveis de estabilidade aos depósitos retallistas atendendo a parámetros como a cobertura do Fondo de Garantía de Depósitos, o valor ou a sofisticación do depósito, a canle de contratación (a internet) ou a súa contratación en moeda estranxeira. Igualmente, as entidades deberán poder identificar, entre os seus clientes grosistas, aqueles cos cales se mantén unha relación operativa estable. Para toda operación de financiamento outorgada ou recibida que estea colateralizada, deberá poder distinguirse en función do tipo de colateral.

– As entidades establecerán unha distinción entre os activos peñorados e os activos libres de cargas de que se poida dispor en todo momento, especialmente nas situacións de emerxencia. Así mesmo, tomarán en consideración a persoa xurídica ou sucursal en que estean localizados os activos, o país en que estean rexistrados legalmente estes, xa sexa nun rexistro ou nunha conta, así como a súa

elixibilidade, e efectuarán un seguimento da forma en que os activos se poden mobilizar de maneira oportuna.

– As entidades tomarán en consideración, así mesmo, as limitacións legais, regulamentarias ou operativas ás posibles transferencias de liquidez e de activos libres de cargas e débedas entre entidades, tanto no EEE como en países terceiros.

– As entidades adoptarán ferramentas de redución do risco de liquidez, en particular un sistema de límites e “colchóns” de liquidez que permitan afrontar diversos escenarios de tensión, e unha estrutura de financiamento e un acceso a fontes de financiamento adecuadamente diversificadas. Estas medidas someteranse a revisión periodicamente.

– Estudaranse escenarios alternativos en relación coas posicións de liquidez e os factores redutores de risco, e revisaranse periodicamente os supostos en que se baseen as decisións relativas á posición de financiamento. Para tal efecto, os escenarios alternativos terán en conta, en particular, as partidas das contas de orde e outros pasivos contingentes, incluídos os de entidades especializadas en titulizacións (SSPE) ou outras entidades con fins especiais, en relación coas cales a entidade de crédito actúe en calidade de patrocinador ou proporcione un apoio significativo en termos de liquidez.

– Os procedementos internos deberán facilitar información que permita avaliar o impacto que os escenarios alternativos definidos teñan nas necesidades de liquidez, incluíndo, entre outros aspectos, o efecto que un descenso na cualificación crediticia da entidade ou unha deterioración na valoración de activos en garantía teña nas necesidades adicionais de marxes ou colaterais para cubrir determinadas posicións.

– As entidades analizarán os efectos potenciais de escenarios alternativos, ben circunscritos á propia entidade, ben extensivos a todo o mercado, ou unha combinación de ambos. Tomaranse en consideración diferentes horizontes temporais e escenarios con distintos graos de tensión.

– As entidades deberán axustar as súas estratexias, políticas internas e límites en relación co risco de liquidez e elaborar plans de emerxencia efectivos, atendendo aos resultados dos escenarios alternativos estudados.

– Para faceren fronte ás crises de liquidez, as entidades dotaranse de plans de emerxencia en que se establezan estratexias adecuadas, xunto ás oportunas medidas de aplicación, con obxecto de emendar posibles déficit de liquidez. Estes plans deberán pórse a proba periodicamente, actualizarse en función dos resultados dos escenarios alternativos estudados, e comunicarse á alta dirección e someterse á súa aprobación, de modo que as políticas e os procedementos internos se poidan adaptar segundo corresponda.

As entidades tomarán por anticipado as medidas operativas necesarias para asegurar que os plans de recuperación de liquidez se poidan aplicar de forma inmediata. Entre as ditas medidas incluírase a de manter garantías reais inmediatamente dispoñibles para poder obter financiamento apropiado dos bancos centrais nas diferentes moedas a que estea exposta, sexan doutro Estado membro da Unión Europea, ou sexan dun país terceiro.»

d) Engádense, no número 2, as seguintes novas alíneas g) e h):

«g) En relación coas políticas e prácticas de remuneración a que fai referencia o número 1 deste artigo, as “entidades”, sen prexuízo dos principios xerais do dereito contractual e laboral nacional, deberán reducir de forma considerable a remuneración variable cando a entidade obteña uns resultados financeiros mediocres ou negativos, tendo en conta tanto a remuneración actual como as reducións nos pagamentos de cantidades previamente devengadas. Neste último suposto, a dita redución realizarase a través de mecanismos de redución da remuneración ou de recuperación de retribucións xa satisfeitas.

Para avaliar a mediocridade dos resultados deberanse ter en consideración se estes evidencian unha tendencia á baixa, xa sexa en relación cos da propia entidade ou cos de entidades semellantes, así como parámetros tales como o grao de consecución dos obxectivos orzados, ou o comportamento dos resultados do conxunto da entidade e, de ser o caso, da unidade de negocio a que pertenza o empregado e das exposicións que xerese.

Adicionalmente, aquelas entidades que, para a súa reestruturación ou saneamento, recibisen apoio financeiro público que non fose restituído na súa integridade, deberán dar prioridade á creación e ao mantemento dunha base sólida de capital e á devolución da axuda pública recibida, polo que non poderán, salvo que se xustifique adecuadamente ante o Banco de España, satisfacer remuneración variable aos seus administradores e directivos que asuman, ben directamente ou formando parte do órgano de dirección, o máximo nivel na xestión diaria da entidade. En consecuencia, a asunción de compromisos en materia de remuneración variable ao dito colectivo ou a calquera das persoas que o compoñen deberá responder a razóns xustificadas, tales como a necesidade de contratación de novos profesionais suficientemente experimentados e cualificados, e a dita remuneración deberá estar, en todo caso, asociada á consecución dos obxectivos prioritarios antes citados de creación e mantemento dunha base sólida de capital e de devolución da axuda pública recibida. No momento en que esa entidade proceda a avaliar o devengo da retribución variable, deberá remitir escrito xustificativo ao Banco de España no cal se conteña información suficiente sobre a proposta de devengo e liquidación da retribución variable, sen que se poida facer efectiva sen a autorización previa do Banco de España.

h) As entidades de crédito españolas cuxos activos totais reflectidos en calquera das súas contas anuais de 2010 ou 2011 superen o importe de 10.000 millóns de euros, deberán contar, antes do 31 de marzo de 2012, cun comité de remuneracións, cuxa composición e funcionamento se axustarán ao previsto no número 2 do artigo 76 quinquies do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, e, cando proceda, ao establecido na normativa do mercado de valores. No caso daquelas entidades cuxa cifra de activos totais alcance ou supere no futuro o referido importe, o dito comité deberá constituírse ou, en caso de existir e ser preciso, adaptar a súa composición e funcións, no prazo de seis meses desde a data de finalización daquel exercicio en que se alcanzase o citado importe de activos totais.

Non obstante, o Banco de España poderá requirir a constitución do citado comité a entidades cuxa cifra de activos totais non alcance a cifra sinalada, por motivos relacionados coa súa organización interna ou a natureza, o alcance ou a complexidade das súas actividades.

Así mesmo, o Banco de España poderá eximir do cumprimento deste requisito, tras a valoración individualizada das circunstancias concorrentes, as filiais españolas de grupos de entidades de crédito cuxa matriz se localice en España ou noutro país do Espazo Económico Europeo que así o soliciten.»

41. Na norma centésimo oitava:

a) Modifícase o número 1, que queda como segue:

«1. Cando da revisión e avaliación que realice o Banco de España, segundo o establecido no artigo décimo bis da Lei 13/1985, resulte que unha entidade, grupo ou subgrupo de entidades de crédito non dispoña de procedementos adecuados de goberno corporativo interno, de políticas e prácticas de remuneración coherentes coa promoción dunha xestión de risco sólida e efectiva, ou resulte inadecuado o seu proceso de autoavaliación do capital, a referida entidade, grupo ou subgrupo deberá emendar as deficiencias advertidas e cumprir coas medidas que, de ser o caso, adopte o Banco de España en virtude do establecido no número 3 do artigo décimo primeiro da citada lei. Para tal efecto, a entidade obrigada elaborará un

programa de cumprimento e adecuación do capital que presentará para a súa aprobación ao Banco de España, nos casos e termos previstos no artigo 75 do Real decreto 216/2008.»

b) Dáselle a seguinte redacción á alínea h) do número 2:

«h) A exposición ao risco de liquidez e a medición e xestión deste, incluída a realización de análises de escenarios alternativos, a xestión dos factores redutores de risco, en particular, o nivel, a composición e a calidade dos “colchóns” de liquidez, e os plans de emerxencia efectivos.»

c) Engádesse un segundo parágrafo no número 2 co seguinte texto:

«Para efectos do disposto na alínea h), o Banco de España efectuará periodicamente unha profunda avaliación da xestión global do risco de liquidez polas entidades de crédito e favorecerá o desenvolvemento de sólidas metodoloxías internas. Ao realizar estes exames, o Banco de España tomará en consideración o papel desempeñado polas entidades de crédito nos mercados financeiros e a posible incidencia das súas decisións na estabilidade do sistema financeiro de todos os demais Estados membros afectados.»

42. Modifícase o parágrafo segundo do número 1 da norma centésimo novena de acordo co seguinte texto:

«Co fin de cumprir coa dita obriga, as “entidades” deberán establecer unha política formal, aprobada polo seu consello de administración ou órgano equivalente da entidade ou grupo, que teña en conta, entre outros aspectos, a frecuencia e o lugar da publicación, a verificación da información, así como o órgano de administración ou dirección que deba aprobar o documento mencionado no parágrafo anterior. Ademais, disporán de procedementos que permitan avaliar a idoneidade da información ofrecida ao mercado, incluída a súa verificación e frecuencia. Así mesmo, contarán cunha política para avaliar se os datos divulgados por elas transmiten aos participantes no mercado unha imaxe completa do seu perfil de risco.»

43. Modifícanse as alíneas a) e b) da norma centésimo décimo primeira:

«a) Información resumo sobre as principais características e condicións de cada un dos elementos que integren os recursos propios da entidade, tanto básicos como de segunda categoría, así como dos seus compoñentes, facilitando información separada sobre os instrumentos computados dentro da alínea i) do número 1 da norma oitava e valores análogos emitidos por empresas estranxeiras e os que están suxeitos á disposición transitoria décimo sétima, indicando os que contén con incentivos á amortización anticipada.

b) Importe total dos recursos propios básicos, detallando de forma separada cada un dos seus elementos e deducións, e indicando, tamén separadamente, os importes que, de ser o caso, non sexan computables por exceder os límites de cómputo recollidos na norma décimo primeira da presente circular. Así mesmo, facilitarase información separada sobre o importe total dos instrumentos computados dentro da alínea i) do número 1 da norma oitava e valores análogos emitidos por empresas estranxeiras e os que están suxeitos á disposición transitoria décimo sétima, indicando os que contén con incentivos á amortización anticipada.»

44. Engádesse unha nova norma centésimo décimo sétima bis co seguinte texto:

«Norma centésimo décimo sétima bis. *Información sobre remuneracións.*

1. As “entidades” facilitarán ao público e actualizarán periodicamente, cando menos unha vez ao ano, a seguinte información sobre a súa política e as súas prácticas de remuneración, incluídos os salarios e beneficios discrecionais por

pensións, en relación cos seus administradores e demais altos directivos, os empregados que asumen riscos e os que exercen funcións de control, así como con todo traballador que reciba unha remuneración global que o inclúa no mesmo baremo de remuneración que o dos administradores, altos directivos e os empregados que asumen riscos e cuxas actividades profesionais incidan de maneira importante no perfil de risco da entidade (en diante, o colectivo identificado).

a) información sobre o proceso decisorio seguido para establecer a política de remuneración do colectivo identificado, achegando, de ser o caso, información sobre a composición e o mandato do seu comité de remuneracións, con descrición das principais actividades desenvolvidas durante o exercicio anterior e as súas consecuencias para a política de remuneración, e sobre o consultor externo a cuxos servizos se recorre para establecer a dita política con indicación do órgano que ordenou a súa contratación, así como, en todo caso, sobre o papel desempeñado polos interesados;

b) descrición dos diferentes tipos de empregados e directivos incluídos no colectivo identificado;

c) información sobre a conexión entre a remuneración do colectivo identificado e os resultados do desempeño da entidade ou grupo, e en particular sobre os resultados da sociedade concreta para a cal se veñan prestando os servizos;

d) as características máis importantes do sistema de remuneración, con indicación do seu ámbito xeográfico de aplicación, especificando a información sobre os criterios aplicados na avaliación dos resultados do desempeño e no seu axuste en función do risco, a política de aprazamento e os criterios para a consolidación dos dereitos, mencionando as medidas que se adoptarán para axustar a remuneración en caso de desempeño inferior ao esperado;

e) descrición dos criterios utilizados para a toma en consideración, nos procesos de remuneración, dos riscos presentes e futuros, con indicación dos riscos específicos tidos en conta, natureza e tipo das medidas usadas para valoralos, o modo en que as ditas medidas afectan a remuneración e, de ser o caso, os cambios nestes criterios realizados no exercicio correspondente;

f) información sobre os criterios en materia de resultados do desempeño en que se basea o dereito a percibir accións, opcións ou os compoñentes variables da remuneración do colectivo identificado;

g) os principais parámetros e a motivación de calquera compoñente dos posibles plans de remuneración variable e doutras vantaxes non pecuniarias, con expresa mención das medidas adoptadas para asegurar que os integrantes do colectivo identificado que exerzan funcións de control sexan remunerados con independencia dos resultados do desempeño das áreas de negocio que controlen;

h) en caso de existir, número de reunións mantidas polo órgano ad hoc encargado de supervisar a remuneración durante o exercicio precedente e información cuantitativa agregada sobre as remuneracións pagadas aos seus membros;

i) información cuantitativa agregada sobre as remuneracións do colectivo identificado, desagregada polo ámbito de actividade da "entidade" no cal presten servizos segundo se trate de actividades de "banca de investimento" (que incluírá en todo caso as áreas de finanzas corporativas, capital risco, mercados de capitais, vendas e negociación), "banca comercial", "área de xestión de activos" e "resto". Xunto á información describirase o tipo de negocios incluídos en cada unha das áreas de actividade en relación co negocio conxunto da entidade;

j) información cuantitativa agregada sobre as remuneracións, desagregada entre administradores executivos e non executivos, demais altos directivos e resto de empregados do colectivo identificado, con indicación:

i) das contías da remuneración para o exercicio financeiro, divididas en remuneración fixa e variable da entidade con que os beneficiarios manteñan a

relación contractual principal, e con igual desagregación para as das sociedades en que actúen como administradores en representación da dita entidade ou outras do grupo, se percibe delas algunha remuneración e o número de beneficiarios en cada caso;

ii) das contías da remuneración variable, desagregadas entre prestacións pecuniarias, accións, instrumentos vinculados ás accións ou equivalentes a elas;

iii) dos importes das remuneracións diferidas pendentes de pagamento, desagregados por partes consolidadas e non consolidadas, e segundo sexan en efectivo ou non;

iv) das contías da remuneración diferida concedida durante o exercicio financeiro, as pagadas e, de ser o caso, a redución que sufrisen por axustes derivados dos resultados do desempeño;

v) dos pagamentos por nova contratación durante o exercicio, separados segundo o indicado nas alíneas i) a iv) anteriores, e o número de beneficiarios dos ditos pagamentos e o período medio de permanencia deses empregados, e

vi) das contías das indemnizacións por despedimento concedidas durante o exercicio, o número de beneficiarios, desagregado segundo os diferentes tipos de directivos e empregados afectados, o período medio de permanencia das ditas persoas e o importe máximo deste tipo de pagamentos aboado a unha soa persoa.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, entenderase por:

– beneficios discrecionales de pensión os concedidos discrecionalmente por unha “entidade” a un empregado, tanto de modo directo como indirecto (por exemplo, a través do pagamento de primas de pólizas de seguro que cubran as ditas contingencias ou de calquera outro sistema de aforro a longo prazo), como parte do paquete de remuneracións variables do dito empregado, e que sexan adicionais ou distintos dos concedidos aos empregados desa mesma empresa de conformidade co seu sistema xeral de pensións complementarias ás obrigatorias no país de que se trate;

– instrumentos equivalentes ás accións todos aqueles que representen unha cota de propiedade sobre o patrimonio neto da empresa e que varíe con este, en particular as cotas participativas das caixas de aforro e as achegas ao capital das cooperativas de crédito.

3. A publicación das informacións mencionadas no número 1 levarase a cabo mediante un capítulo ou anexo único e específico do documento denominado “Información con relevancia prudencial” mencionado na norma centésimo novena e baixo as súas mesmas regras.

As “entidades” deberán cumprir os requisitos establecidos na presente norma dunha maneira que sexa apropiada ao seu tamaño, á súa organización interna e á natureza, ao alcance e á complexidade das súas actividades e sen prexuízo do disposto na normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.»

45. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 da norma centésimo vixésima, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Cando unha entidade de crédito matriz da Unión Europea ou unha sociedade financeira de carteira matriz da Unión Europea (tal e como se definen no artigo 1 do Real decreto 216/2008) e as súas entidades de crédito filiais desexen utilizar de maneira unificada ben o método IRB baseado en cualificacións internas, ben o método de modelos internos a que se refire a norma septuaxésimo quinta, ou ben os métodos avanzados para a determinación dos recursos por risco operacional, e a supervisión do grupo en base consolidada corresponda ao Banco de España, este poderá permitir, por solicitude da matriz, que os requisitos mínimos establecidos en cada caso pola presente circular sexan cumpridos pola entidade matriz e as súas filiais consideradas como grupo consolidable. Neste caso, o Banco

de España seguirá o procedemento previsto no número 2.d) do artigo décimo bis da Lei 13/1985. As entidades de crédito filiais españolas ou domiciliadas noutros Estados membros e os subgrupos consolidables en que se integren nos ditos países cumprirán os requirimentos exixibles en cada caso de acordo coa decisión que adopte o Banco de España.»

46. Modifícase o número 6 da norma centésimo vixésimo primeira, que queda redactado do seguinte modo:

«6. Os estados referidos neste capítulo e recollidos nos anexos I a III da presente circular deberán remitirse ao Departamento de Información Financeira e Central de Riscos debidamente cubertos, con carácter xeral antes da fin do segundo mes posterior á data de referencia, salvo que se especifique outro prazo distinto.»

47. Engádesse unha nova norma centésimo vixésimo quinta de acordo co seguinte texto:

«Norma centésimo vixésimo quinta. *Información sobre liquidez.*

As “entidades” estarán obrigadas a remitir ao Banco de España os estados LQ que figuran no anexo II. Os ditos estados remitiranse mensualmente, dentro dos quince días naturais seguintes á data de fin de mes. Non obstante, por solicitude razoada da entidade, o Banco de España poderá autorizar un prazo de remisión máis dilatado. Así mesmo, poderá eximir da presentación dalgún dos estados entidades individuais que o soliciten, xustificando a escasa complexidade das súas operacións.

O Banco de España, logo de requirimento ás entidades ou grupos afectados, poderá exixir:

a) a presentación dos estados anteriores a aquelas entidades de crédito españolas integradas nun grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito ou referidos a unha área monetaria ou xeográfica atendendo á composición do grupo e á transcendencia da súa posición de liquidez para o grupo. Nestes casos, o Banco de España poderá eximir as “entidades” da presentación dun ou varios estados LQ a nivel consolidado;

b) a presentación de estados referidos exclusivamente a unha moeda atendendo á importancia ou á complexidade das súas posicións de liquidez.

En calquera caso, o Banco de España poderá exixir a presentación dalgún dos estados cunha frecuencia maior que a mensual, incluso diaria, ou a súa remisión nun prazo inferior aos quince días antes citados, todo iso atendendo ás necesidades de supervisión prudencial da “entidade”.»

48. Engádesse unha nova norma centésimo vixésimo sexta co seguinte texto:

«Norma centésimo vixésimo sexta. *Información periódica que se debe render sobre remuneracións.*

1. As “entidades” deberán remitir anualmente, antes da fin do primeiro semestre do ano, os estados RM1 e RM2 que figuran no anexo III desta circular, coa información que neles se indica.

2. As “entidades” deberán remitir anualmente, antes da fin do primeiro semestre do ano, o estado RM3 que figura no anexo III da presente circular, coa información que nel se require, e nos termos agregados que indica, relativa aos empregados cuxa remuneración alcance ou supere en termos anuais un millón de euros.

3. A información recibida en aplicación do indicado nos números 1 e 2 anteriores será a utilizada para comparar as tendencias e prácticas en materia de remuneración e para facilitar á Autoridade Bancaria Europea.

4. Non obstante o disposto no número 5 da norma primeira, as sucursais en España de entidades de crédito da Unión Europea deberán remitir igualmente os estados RM1, RM2 e RM3 coa información relativa á súa actividade.

5. Antes do 30 de marzo de 2012, as “entidades” remitirán ao Banco de España unha lista, referida á data de entrada en vigor desta circular, indicando as categorías e grupos de empregados do colectivo identificado a que se refire o número 1 da norma centésimo décimo sétima bis. Posteriormente, manterán á disposición do Banco de España, nas súas oficinas centrais, a mesma lista actualizada puntualmente.»

49. Dáselle a seguinte redacción á disposición transitoria quinta:

«Ata o 31 de decembro de 2015, tamén recibirán unha ponderación do 0% as exposicións indicadas na epígrafe A) da norma décimo sexta que estean denominadas e financiadas en calquera das divisas dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.»

50. A disposición transitoria sétima recibe a seguinte redacción:

«Para efectos do disposto no número 15 da norma vixésimo sétima, sobre a utilización de estimacións propias de perda en caso de incumprimento (LGD), por parte das entidades de crédito, ata o 31 de decembro de 2012 a LGD media ponderada por exposición para todos os riscos retallistas garantidos con inmobles residenciais e que non se benefician de garantías das administracións centrais non será inferior ao 10%.»

51. Engádense dous novos números na disposición transitoria oitava de acordo co texto seguinte, polo que o texto actual pasa a ser o número 1:

«2. Ata o 31 de decembro de 2011, as “entidades” que, conforme o disposto nos capítulos cuarto e oitavo da presente circular, sexan autorizadas para utilizar o método baseado en cualificacións internas para o cálculo das súas exposicións ponderadas por risco de crédito (método IRB) e as “entidades” que sexan autorizadas para utilizar os métodos avanzados de medición do risco operacional manterán uns requirimentos de recursos propios que serán en todo momento iguais ou superiores ao 80% do importe total dos recursos propios mínimos que serían exixibles á “entidade” de se manter a regulación vixente en 31 de decembro de 2007.

3. En caso de que a “entidade” empezase a utilizar o método baseado en cualificacións internas ou os métodos avanzados de medición do risco operacional para o cálculo dos seus requirimentos de recursos propios o 1 de xaneiro de 2010 ou con posterioridade a esa data, e salvo indicación ao contrario do Banco de España, manterá uns requirimentos de recursos propios que serán en todo momento iguais ou superiores ao 80% do importe total dos recursos propios mínimos que serían exixibles á “entidade” de seguir aplicando os métodos de cálculo non avanzados, establecidos na sección primeira do capítulo cuarto e nas normas nonaxésimo sexta e nonaxésimo sétima desta circular, utilizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011.»

52. Engádense unha nova disposición transitoria décimo sexta co seguinte texto:

«Disposición transitoria décimo sexta.

O previsto nas normas quincuaxésimo sexta bis e sexaxésimo cuarta bis aplicarase ás novas titulizacións emitidas o 1 de xaneiro de 2011 ou a partir desta mesma data. A partir do 31 de decembro de 2014, o dito réxime aplicarase ás

titulizacións xa existentes en caso de que se engadan novas exposicións subxacentes ou se substitúan as existentes despois da dita data.»

53. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo sétima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo sétima.

1. As participacións preferentes emitidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2011, do 11 de abril, pola que se modifican a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros; a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas, e que non cumpran cos requisitos establecidos para este tipo de instrumentos na dita norma poderán continuar computándose como recursos propios básicos das entidades de crédito e os seus grupos ata o 31 de decembro de 2040, con suxeición aos seguintes límites:

a) ata o 20 % da suma das alíneas a), b), d) e i) do número 1 da norma oitava, menos a suma das alíneas a), b) e c) da norma novena entre 10 e 20 anos despois do 31 de decembro de 2010;

b) ata o 10 % da suma das alíneas a), b), d) e i) do número 1 da norma oitava, menos a suma das alíneas a), b) e c) da norma novena entre 20 e 30 anos despois do 31 de decembro de 2010.

Os restantes instrumentos, distintos das participacións preferentes, computables como recursos propios básicos que, en 31 de decembro de 2010, se considerasen equivalentes, conforme a normativa española, os elementos a que se refiren as alíneas a), b) e f) do número 1 da norma oitava, pero que non estean comprendidos na alínea a) do número 1 da norma oitava, ou que non cumpran os requisitos establecidos no número 4 da norma oitava e no número 7 desa norma, consideraranse cubertos pola alínea i) do número 1 da norma oitava para efectos do disposto no parágrafo anterior.

Pola súa parte, os instrumentos de débeda obrigatoriamente convertibles emitidos con anterioridade ao 31 de decembro de 2011, ao abeiro da disposición transitoria terceira do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, sobre reforzamento do sistema financeiro, computarán en todo caso como recursos propios básicos ata a súa conversión, na medida en que no momento da súa emisión cumprisen os requisitos exixidos pola normativa vixente nese momento para a computabilidade das participacións preferentes.

2. As participacións preferentes que polas súas condicións de emisión, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2011, se computaban como recursos propios básicos por riba do límite do 30%, poderán continuar facéndoo ata o 31 de decembro de 2012, sempre que iso non poida dar lugar a un incumprimento da obriga de que o capital e as reservas netos de certos elementos, de acordo co número 1 da norma décimo primeira, deban ser predominantes.

3. O exceso das participacións preferentes que, por conter incentivos á amortización anticipada, se computaban, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 6/2011, dentro do límite previsto do 15%, que se deixará de computar pola aplicación dos límites establecidos no número 1 desta disposición, poderá considerarse como recursos propios de segunda categoría ata o 31 de decembro de 2012.

4. Os financiamentos subordinados cuxa computabilidade fose verificada con anterioridade ao 31 de decembro de 2011 e que non cumpran as condicións exixidas nela poderán seguir computándose como recursos propios

complementarios ata o seu vencemento ou, cando non o tiveren, ata a primeira data en que o emisor poida levar a cabo a súa amortización anticipada, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2020.

5. No caso das achegas das cooperativas de crédito que non cumpran co previsto no cuarto guión do quinto parágrafo da alínea a) do número 1 da norma oitava, as ditas achegas poderán seguir computándose como capital ata o 31 de decembro de 2012.

6. As achegas das cooperativas de crédito que se contabilicen como pasivo financeiro poderán seguir computándose dentro dos recursos propios básicos ata o 31 de decembro de 2012, pero non poderán integrarse dentro do capital para os efectos do cálculo dos elementos de capital que deben ser predominantes dentro dos recursos propios básicos.»

54. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo oitava co seguinte texto:

«Disposición transitoria décimo oitava.

Para efectos do capítulo noveno, os activos que constitúan créditos e outras exposicións fronte a entidades de crédito, asumidos antes do 31 de decembro de 2009, seguirán considerándose suxeitos ao mesmo trato aplicado de conformidade co número 1 da norma centésimo terceira, ao igual que o estiveron antes do 7 de decembro de 2009, pero non máis alá do 31 de decembro de 2012.»

55. Engádesse unha nova disposición transitoria décimo novena coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo novena.

Non obstante o disposto no parágrafo cuarto do número 20 da norma octoxésimo sétima, e para un período transitorio que concluirá o 31 de decembro de 2013, as “entidades” poderán sumar por separado as súas posicións netas longas ponderadas e as súas posicións netas curtas ponderadas. A exixencia de capital fronte ao risco específico será a maior destas sumas. Durante o dito período transitorio, as “entidades” deberán facilitar ao Banco de España, coa mesma periodicidade prevista na norma centésimo vixésimo segunda, a suma das súas posicións netas longas ponderadas e as súas posicións netas curtas ponderadas, desagregadas por tipos de activos subxacentes.»

56. Engádesse unha nova disposición transitoria vixésima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésima.

Os estados a que se refire a norma centésimo vixésimo sexta, referidos á información relativa a 2010, deberán remitirse ao Banco de España, como máis tarde, no prazo previsto para a remisión dos referidos a 2011.»

57. Engádesse unha nova disposición transitoria vixésimo primeira coa seguinte redacción:

«As sucursais en España de entidades de crédito de países terceiros a que o Banco de España eximise do cumprimento dos requirimentos de recursos propios mínimos deberán acreditar ante o Banco de España, no prazo de tres meses contados desde a data de entrada en vigor da presente circular, o cumprimento da nova condición establecida na alínea d) do número 5 da norma primeira.»

58. Engádesse unha nova disposición transitoria vixésimo segunda coa seguinte redacción:

«Sen prexuízo do disposto no artigo 61 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e na súa normativa de desenvolvemento, na procura dunha

maior transparencia, as entidades que recibisen apoio directo do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, e as súas filiais bancarias, así como as caixas de aforro que, no marco previsto na disposición adicional terceira do Real decreto lei 2/2011, cedesen o exercicio directo da súa actividade financeira a algunha das ditas entidades, deberán publicar a información a que se refire o anexo IV desta circular, antes do 31 de decembro de 2011, utilizando a mesma canle pola cal fagan público o documento "Información con relevancia prudencial" mencionado na norma centésimo novena. No caso de informacións relacionadas con persoas físicas, será de aplicación a normativa relativa á protección de datos de carácter persoal.»

59. Suprímese a disposición adicional segunda.

60. O anexo I da Circular 3/2008 pasa a denominarse «Estados reservados de información sobre o cumprimento dos recursos propios mínimos, os grandes riscos e o risco de tipo de xuro» e os modelos dos estados RP10, RP24, RP25, RP26, RP27, RP31, RP32, RP33 e RP35 que figuran nel substitúense polos que se inclúen no anexo da presente circular.

61. Engádesse un novo anexo II, co título «Estados reservados de información sobre liquidez», que comprenderá os estados LQ que se inclúen no anexo da presente circular.

62. Engádesse un novo anexo III, co título «Estados reservados de información sobre remuneracións», que comprenderá os estados RM que se inclúen no anexo da presente circular.

63. Engádesse un novo anexo IV, co título «Detalle das retribucións individuais e nominativas devengadas por cada un dos membros do consello de administración e do comité de dirección», que comprenderá o modelo que, con igual denominación, se inclúe no anexo da presente circular.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o 31 de decembro de 2011.

Madrid, 30 de novembro de 2011.—O gobernador do Banco de España, Miguel Ángel Fernández Ordóñez.

BANCODE ESPAÑA
EuroSistema

RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS RECURSOS PROPIOS

RP10
Páxina 1 de 6

Correspondente ao _____ de _____ de _____

ENTIDADE _____

Ano	Mes	P	Estado	Código entidade	Tipo identificador (*)
			T S O I O		

1	TOTAL RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES		
f.1	RECURSOS PROPIOS BÁSICOS		
1.1.1	Capital computable		
1.1.1***	Do que: instrumentos computables como accións ordinarias		
1.1.1****	Do que: instrumentos preferentes con pagamento de dividendos non acumulativo(1)		
1.1.1.1	Capital desembolsado		
1.1.1.2	(-) Accións propias		
1.1.1.3	Primas de emisión		
1.1.1.4	Outros instrumentos computables como capital		
1.1.2	Reservas computables		
1.1.2.1	Reservas		
1.1.2.1.01	Reservas (incluíndo axustes por valoración)		
1.1.2.1.02	Parte das reservas que valen ser filtradas en axustes por valoración		
1.1.2.1*	Do que: por diferenzas de cambio		
1.1.2.2	Intereses minoritarios		
1.1.2.2.01	Intereses minoritarios (incluíndo axustes por valoración)		
1.1.2.2.02	Parte dos intereses minoritarios que valen ser filtrados en axustes por valoración		
1.1.2.2.03	(-) Corrección aos intereses minoritarios		
1.1.2.2***01	Do que: instrumentos híbridos que deban converterse en situacións de emerxencia		
1.1.2.2***02	Do que: instrumentos híbridos (de duración indeterminada e sen incentivo á amortización anticipada)		
1.1.2.2***03	Do que: instrumentos híbridos (de duración determinada ou con incentivo á amortización anticipada)(1)		
1.1.2.2***04	Do que: instrumentos computables transitoriamente sen incentivos á amortización anticipada suxeitos a límite		
1.1.2.2***05	Do que: instrumentos computables transitoriamente con incentivos á amortización anticipada suxeitos a límite		
1.1.2.3	Resultados do exercicio computables		
1.1.2.3.01	Resultado positivo do exercicio auditado		
1.1.2.3.02	Parte do resultado positivo do exercicio auditado que vaia ser filtrado en axustes por valoración		
1.1.2.4a	(-) Perdas do exercicio		
1.1.2.4a.01	Resultado do exercicio non auditado		
1.1.2.4a.02	Parte do resultado do exercicio non auditado que vaia ser filtrado en axustes por valoración		
1.1.2.4b	Resultados do exercicio que se prevexa aplicar a reservas ou perdas do exercicio corrente		
1.1.2.4b.01	(-) Resultado negativo do exercicio auditado		
1.1.2.4b.02	Parte do resultado negativo do exercicio auditado que vaia ser filtrado en axustes por valoración		
1.1.2.5	(-) Beneficios netos derivados da actualización de futuros ingresos procedentes de activos utilizados		
1.1.2.6	Axustes por valoración computables como recursos propios básicos		
1.1.2.6.01	Axustes por valoración en instrumentos de capital dispoñibles para a venda		
1.1.2.6.02	Corrección aos axustes por valoración en instrumentos de capital dispoñibles para a venda		
1.1.2.6.03	Axustes por valoración en créditos á clientela dispoñibles para a venda(1)		
1.1.2.6.04	Corrección aos axustes por valoración en créditos á clientela dispoñibles para a venda(1)		
1.1.2.6.05	Axustes por valoración noutros activos dispoñibles para a venda		
1.1.2.6.06	Corrección aos axustes por valoración noutros activos dispoñibles para a venda		
1.1.2.6.07	Axustes por valoración en pasivos financeiros a valor razoable		
1.1.2.6.08	Corrección aos axustes por valoración en pasivos financeiros a valor razoable		
1.1.2.6.09	Axustes por valoración de coberturas de fluxos de tesouraría de instrumentos financeiros medidos polo custo amortizado		
1.1.2.6.10	Corrección aos axustes por valoración de coberturas de fluxos de tesouraría de instrumentos financeiros medidos polo custo amortizado		
1.1.2.6.11	Axustes por valoración en investimentos inmobiliarios(1)		
1.1.2.6.12	Corrección aos axustes por valoración en investimentos inmobiliarios(1)		
1.1.2.6.13	Axustes por valoración en activos materiais de uso propio(1)		
1.1.2.6.14	Corrección aos axustes por valoración en activos materiais de uso propio(1)		
1.1.2.6.15	Outros axustes por valoración que afecten as reservas computables		
1.1.2.6.16	Corrección aos outros axustes por valoración que afecten as reservas computables		

(1) Elemento non aplicable ás entidades de crédito segundo normativa española.

(*) Consignaranse:

0 Estado correspondente a grupo consolidado

1 Estado correspondente a subgrupo consolidado

2 Estado individual correspondente a entidade

3 Estado individual correspondente a entidade que presenta os seus recursos propios con instrumentais

DICIEMBRE-2011

BANCODE ESPAÑA
Eurosisistema

RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS RECURSOS PROPIOS

RP10
Páxina 2 de 6

Correspondente ao _____ de _____ de _____

ENTIDADE _____

Ano	Mes	P	Estado	Código entidade	Tipo identificador (*)
			T	0	0

1.1.3	Fondos para riscos bancarios xerais(1)				
1.1.4	Outros e recursos propios básicos de acordo coa lexislación nacional				
1.1.4.1a	Instrumentos híbridos				
1.1.4.1a.01	Instrumentos híbridos que deban converterse en situacións de emerxencia				
1.1.4.1a.02	Instrumentos híbridos (de duración indeterminada e sen incentivo á amortización anticipada)				
1.1.4.1a.03	Instrumentos híbridos (de duración determinada ou con incentivo á amortización anticipada)(1)				
1.1.4.1a.04	Instrumentos híbridos computables transitoriamente sen incentivos á amortización anticipada suxeitos a límite				
1.1.4.1a.05	Instrumentos híbridos computables transitoriamente con incentivos á amortización anticipada suxeitos a límite				
1.1.4.3	Filtro positivo correspondente á primeira aplicación das Normas Internacionais de Contabilidade(1)				
1.1.4.4	Outros				
1.1.5	(-) Outras deducións dos recursos propios básicos				
1.1.5.1	(-) Activos inmateriais				
1.1.5.2a	(-) Exceso sobre os límites para instrumentos híbridos				
1.1.5.2a.01	(-) Exceso sobre o límite para instrumentos híbridos (diferente do límite transitorio para os instrumentos computables transitoriamente)				
1.1.5.2a.02	(-) Exceso sobre o límite para instrumentos híbridos, excepto os que deban converterse en situacións de emerxencia				
1.1.5.2a.03	(-) Exceso sobre o límite para instrumentos híbridos, de duración determinada ou con incentivo á amortización anticipada(1)				
1.1.5.2a.04	(-) Exceso sobre o límite transitorio para os instrumentos computables transitoriamente				
1.1.5.3a	(-) Ajustes de valoración adicionais en instrumentos a valor razoable				
1.1.5.4	(-) Outras deducións dos recursos propios básicos de acordo coa lexislación nacional				
1.1.5.4.1	Filtro negativo correspondente á primeira aplicación das Normas Internacionais de Contabilidade(1)				
1.1.5.4.2	(-) Outras				
1.1.5.4.2*	Das que: (-) Exceso de intereses minoritarios sobre o 10% dos RRRP básicos				
1.1.5.4.2**	(-) Exceso sobre o 50% dos recursos propios correspondente a elementos distintos do capital e as reservas				
1.2	RECURSOS PROPIOS DE SEGUNDA CATEGORÍA				
1.2.1	Recursos propios de segunda categoría principais				
1.2.1.1	Exceso sobre os límites para recursos propios básicos transferidos a recursos propios de segunda categoría principais				
1.2.1.2	Corrección realizada aos axustes por valoración nos recursos propios básicos transferida a recursos propios de segunda categoría principais				
1.2.1.2.01	Corrección aos axustes por valoración en instrumentos de capital dispoñibles para a venda transferida a recursos propios de segunda categoría principais (segundo detalle anexo)				
1.2.1.2.02	Corrección aos axustes por valoración noutros activos dispoñibles para a venda transferida a recursos propios de segunda categoría principais (segundo detalle anexo)				
1.2.1.2.03	Corrección aos axustes por valoración en investimentos inmobiliarios transferida a recursos propios de segunda categoría principais(1)				
1.2.1.2.04	Corrección aos axustes por valoración en activos materiais de uso propio transferida a recursos propios de segunda categoría principais(1)				
1.2.1.2.05	Outras correccións a axustes por valoración que afecten as reservas computables transferidas a recursos propios de segunda categoría principais				
1.2.1.3	Reservas de regularización, actualización ou revalorización de activos				
1.2.1.4	Axustes de valoración para as posicións baixo o método estándar para risco de crédito(1)				
1.2.1.5	Outros elementos				
1.2.1.5.01	Cobertura xenérica relacionada con exposicións baixo o método estándar				
1.2.1.5.02	Cobertura xenérica relacionada con exposicións baixo o método IRB titulizadas				
1.2.1.5.03	Outros				
1.2.1.6	Financiamentos subordinados de duración indeterminada e instrumentos similares				
1.2.1.7	Importes positivos resultantes da comparación no método IRB entre axustes por valoración por deterioración de activos e provisións fronte a perdas esperadas				
1.2.1.8	Recursos propios de segunda categoría principais de acordo coa lexislación nacional				
1.2.1.8.01	Corrección aos intereses minoritarios relacionados con reservas de revalorización transferida aos recursos propios de segunda categoría principais				
1.2.1.8.02	Corrección aos intereses minoritarios relacionados con accións sen voto e accións preferentes asimiladas a financiamentos subordinados de duración indeterminada transferida aos recursos propios de segunda categoría principais				
1.2.1.8.03	Outras correccións aos intereses minoritarios transferidas aos recursos propios de segunda categoría principais				
1.2.1.8.04	Fondos da obra social das caixas de aforro e as cooperativas de crédito				
1.2.2	Recursos propios de segunda categoría adicionais				
1.2.2.1	Compromisos dos membros das cooperativas de crédito(1)				
1.2.2.2	Accións preferentes acumulativas con prazo de vencemento determinado				
1.2.2.3	Financiamentos subordinados estándar e instrumentos similares				
1.2.2.4	Recursos propios de segunda categoría adicionais de acordo coa lexislación nacional				
1.2.2.4.01	Corrección aos intereses minoritarios relacionados con accións preferentes asimiladas a financiamentos subordinados estándar transferida aos recursos propios de segunda categoría adicionais				
1.2.2.4.02	Outras correccións aos intereses minoritarios transferidos aos recursos propios de segunda categoría adicionais				
1.2.2.5	(-) Exceso sobre os límites para os recursos propios de segunda categoría adicionais				
1.2.2.5*	Do que: efecto da ampliación transitoria dos límites para os recursos propios de segunda categoría adicionais				
1.2.3	(-) Deducións dos recursos propios de segunda categoría				
1.2.3.1	(-) Exceso sobre os límites para os recursos propios de segunda categoría				
1.2.3.1*	Do que: efecto da ampliación transitoria dos límites para os recursos propios de segunda categoría				
1.2.3.2	(-) Outras deducións de recursos propios de segunda categoría de acordo coa lexislación nacional				

(1) Elemento non aplicable ás entidades de crédito segundo normativa española.

(*) Consignaranse:

0 Estado correspondente a grupo consolidado

1 Estado correspondente a subgrupo consolidado

2 Estado individual correspondente a entidade

3 Estado individual correspondente a entidade que presenta os seus recursos propios con instrumentais

DICIEMBRE-2011

BANCO DE ESPAÑA
Financiación

RECURSOS PROPIOS COMPUTABLES E CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DOS RECURSOS PROPIOS

RP10
Páxina 3 de 6

Correspondente ao ____ de ____ de ____ de ____

ENTIDADE

Ano	Mes	P	Estado	Código entidade	Tipo identificador (*)
			T	3	0

1.3	(-) DEDUCIÓN DOS RECURSOS PROPIOS BÁSICOS E DE SEGUNDA CATEGORÍA				
	Das que:				
1.3.T1*	(-) Dos recursos propios básicos				
1.3.T2*	(-) Dos recursos propios de segunda categoría				
1.3.1	(-) Participacións en entidades financeiras non consolidadas en cuxo capital a "entidade" participa en máis dun 10% (segundo relación anexa)				
1.3.2	(-) Financiamentos subordinados e outros valores computables como recursos propios de entidades financeiras non consolidadas en cuxo capital a "entidade" participa en máis dun 10% (segundo relación anexa)				
1.3.3	(-) Exceso de participacións, financiamentos subordinados e outros valores computables como recursos propios de entidades financeiras non consolidadas distintas das recollidas en 1.3.1 ou 1.3.2 sobre o 10% dos recursos propios da "entidade"				
1.3.4	(-) Participacións en entidades aseguradoras e asimiladas en cuxo capital a "entidade" participa en máis do 20% (segundo relación anexa)				
1.3.5	(-) Financiamentos subordinados ou outros valores computables en entidades aseguradoras e asimiladas en cuxo capital a "entidade" participa en máis do 20% (segundo relación anexa)				
1.3.6	(-) Deducións dos recursos propios básicos e de segunda categoría de acordo coa lexislación nacional				
1.3.LE	Pro memoria: Recursos propios para efectos dos límites ás participacións cualificadas e aos grandes riscos				
1.3.7	(-) Determinadas exposicións de titulizacións non incluídas nos requisitos de recursos propios				
1.3.8	(-) Perdas esperadas das exposicións de renda variable baixo o método IRB e importes negativos resultantes da comparación no método IRB entre correccións de valor por deterioración de activos e provisiones fronte a perdas esperadas				
1.3.9	(-) Exceso de participacións en entidades non financeiras (a maior de 1.3.9.1 e 1.3.9.2)				
1.3.9.1	Exceso das participacións cualificadas en entidades non financeiras sobre o 60% de recursos propios				
1.3.9.2	Suma dos excesos das participacións cualificadas en entidades non financeiras sobre o 15% dos recursos propios				
1.3.10	(-) Operacións incompletas transcorridos cinco días hábiles desde a data do segundo pagamento ou entrega contractual				
1.3.11	(-) Outras deducións dos recursos propios básicos e dos recursos propios de segunda categoría de acordo coa lexislación nacional				
1.4	RECURSOS PROPIOS BÁSICOS TOTAIS PARA EFECTOS XERAIS DE SOLVENCIA				
1.5	RECURSOS PROPIOS DE SEGUNDA CATEGORÍA TOTAIS PARA EFECTOS XERAIS DE SOLVENCIA				
1.6	RECURSOS PROPIOS AUXILIARES TOTAIS PARA A COBERTURA DOS RISCOS DE PREZO E DE TIPO DE CAMBIO				
1.6.1	Exceso sobre os límites para os recursos propios de segunda categoría transferidos aos recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio				
1.6.2	Beneficios netos da carteira de negociación(1)				
1.6.3	Financiamentos subordinados a curto prazo				
1.6.4	(-) Activos ilíquidos ⁽¹⁾				
1.6.5	(-) Exceso sobre os límites para os recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio				
1.6.LE	Pro memoria: Recursos propios para efectos dos límites aos grandes riscos cando se faga uso de recursos propios auxiliares para cubrir os riscos de prezo e de tipo de cambio(1)				
1.6.6	(-) Deducións dos recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio de acordo coa lexislación nacional(1)				
1.6.7	(-) Recursos propios auxiliares para a cobertura dos riscos de prezo e de tipo de cambio computables pero non utilizados				
1.7	(-) DEDUCIÓN DO TOTAL DE RECURSOS PROPIOS				
1.7.1	(-) Deducións do total de recursos propios de acordo coa lexislación nacional				
